



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 518
6 de agosto de 2019

Fascículo1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 52916 (10/POC-008229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da necesidade da instalación dunha cuberta e unha pasarela de acceso ao colexio de San Vincenzo de Vimianzo

[168432](#)

I 52917 (10/POC-008230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego no apoio e na difusión da obra intelectual do escritor e poeta Enrique Labarta

[168434](#)

I 52918 (10/POC-008231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego destinadas á conservación e a evitar os perigos de derrubamento da casa reitoral e do pombal de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños

[168436](#)

I 52932 (10/POC-008232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a modificación das condicións e das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados como municipios turísticos e xeodestinos de Galicia

[168438](#)

I 52935 (10/POC-008233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a consideración da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria ofrecida no PAC de Ponteceso

[168440](#)

I 52938 (10/POC-008234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis



Sobre a valoración e as medidas que debe tomar o Goberno galego diante da redución da poboación nova nos últimos anos e da escaseza de traballadores e traballadoras con formación agropecuaria nas zonas de Bergantiños e Fisterra [168443](#)

I 52940 (10/POC-008235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre os criterios nos que se basea o Goberno galego para considerar que os portos de Camariñas e Muxía son suficientes para cubrir a demanda de toda a Costa da Morte [168446](#)

I 52942 (10/POC-008236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan de conservación da paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba [168448](#)

I 52945 (10/POC-008237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as razóns das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2018 [168451](#)

I 52950 (10/POC-008238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a deterioración na que se atopa o pavimento da estrada AC-114, no concello de Narón [168453](#)

I 52959 (10/POC-008239)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns que xustifican o pechamento do primeiro ano de formación do ciclo de grao medio de FP de Emerxencias e Protección Civil no curso 2019-2020 [168455](#)

I 52963 (10/POC-008240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de rexeneración de zonas improdutivas [168458](#)

I 52964 (10/POC-008241)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a evolución das cotas das principais especies para a frota do cerco galega e sobre as súas descargas e vendas en Galicia durante 2018 [168460](#)

I 52966 (10/POC-008242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra

[168462](#)

I 52980 (10/POC-008243)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a garantía do dereito dos pacientes de Povisa a unha asistencia e servizos sanitarios de calidade en condicións de igualdade e equidade cos pacientes dos hospitais públicos

[168464](#)

I 52981 (10/POC-008244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)

[168469](#)

I 52986 (10/POC-008245)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019

[168471](#)

I 52994 (10/POC-008246)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para atender a problemática específica das mulleres sen fogar

[168475](#)

I 53000 (10/POC-008247)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quintero Araújo, Paula

Sobre a decisión adoptada polo goberno Galego de nomear unha nova responsable para o ente público Portos de Galicia

[168478](#)

I 53012 (10/POC-008248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a asistencia dos representantes de todas as confrarías e dos concellos da ría de Ferrol na reapertura ao marisqueo da zona da Gándara

[168480](#)

I 53022 (10/POC-008249)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Sánchez García, Antón

Sobre as necesidades de persoal no servizo de pediatría do centro de saúde de Sada

[168481](#)

I 53026 (10/POC-008250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto da declaración de utilidade pública, de urxente ocupación de terreos, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental en relación cos parques eólicos do Campelo, O Bustelo e Monte Toural, e tamén da LAT O Campelo-Mesón do Bento [168483](#)

I 53029 (10/POC-008251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a valoración por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria dos datos que achega para Galicia a última enquisa de poboación activa [168489](#)

I 53031 (10/POC-008252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver na mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia [168491](#)

I 53032 (10/POC-008253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as iniciativas que se pretenden desenvolver na chamada Business Factory Auto (BFA) de proxectos innovadores da automoción de Galicia [168493](#)

I 53035 (10/POC-008255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do programa Innova PEME [168495](#)

I 53037 (10/POC-008257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia e a aplicación en tempo e forma da normativa estatal reguladora do Plan Moves [168497](#)

I 53040 (10/POC-008258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira [168499](#)

I 53046 (10/POC-008259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a efectividade dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal [168501](#)



I 53053 (10/POC-008260)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre a mellora da infraestrutura e dos servizos de transporte ferroviario, así como respecto da supresión dos pasos a nivel urbanos en Monforte de Lemos e a súa comarca

[168505](#)**I 53061 (10/POC-008261)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da actividade mercantil da Sociedade Concessionaria Novo Hospital de Vigo S.A.

[168509](#)**I 53062 (10/POC-008262)**

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da construción en Chantada dunha nova ponte sobre o río Asma

[168511](#)**Admisión da retirada e publicación do acordo****I 47811 (10/POC-007598)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aprobación dun plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba segundo o establecido no Decreto 294/2008, así como o asinamento dos convenios de colaboración comprometidos cos concellos de Vimianzo e Laxe para labores de limpeza e sinalización deses espazos

[168428](#)**1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 52952 (10/PRE-017512)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a deterioración na que se atopa o pavimento da estrada AC-114, no concello de Narón

[168514](#)**I 52960 (10/PRE-017513)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns que xustifican o pechamento do primeiro ano de formación do ciclo de grao medio de FP de Emerxencias e Protección Civil no curso 2019-2020

[168516](#)**I 52983 (10/PRE-017514)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen



Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) [168519](#)

I 52988 (10/PRE-017515)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019 [168521](#)

I 53007 (10/PRE-017516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os recursos as medidas que debe adoptar o Servizo Galego de Saúde co obxectivo de garantir a cobertura e a continuidade asistencial das necesidades do colectivo de persoas con dano cerebral adquirido [168525](#)

I 53008 (10/PRE-017517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que se están a desenvolver para cumprir o acordo asinado entre o Sergas e os PAC en xullo de 2019 [168529](#)

I 53009 (10/PRE-017518)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a organización, previsión e xestión na asistencia da atención primaria no centro de saúde do Grove [168532](#)

I 53014 (10/PRE-017519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a asistencia dos representantes de todas as confrarías e dos concellos da ría de Ferrol na reapertura ao marisqueo da zona da Gándara [168535](#)

I 53028 (10/PRE-017520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os prexuízos ambientais, sociais e socioeconómicos da autorización da implantación de tres parques eólicos na zona do Campelo, O Bustelo e Monte Toural [168536](#)

I 53048 (10/PRE-017521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a efectividade dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal [168542](#)



I 53058 (10/PRE-017522)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da actividade mercantil da Sociedade Concessionaria Novo Hospital de Vigo S.A.

[168546](#)**Admisión da retirada e publicación do acordo****I 44364 (10/PRE-016954)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso e co tempo necesario para desprazarse ata o hospital máis próximo, así como a súa opinión respecto da atención sanitaria ofrecida nel

[168430](#)**I 46125 (10/PRE-017205)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 4 máis**

Sobre os criterios nos que se basea o Goberno galego para considerar que os portos deportivos de Camariñas e Muxía son suficientes para cubrir a demanda de toda a Costa da Morte, a súa comparación en número cos existentes noutras zonas marítimas de Galicia e as medidas que está a levar a cabo respecto do xeodestino Costa da Morte

[168430](#)**I 47852 (10/PRE-017232)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre a incidencia que está a ter para a contratación de persoal nas oficinas de turismo o actual modelo de subvencións para concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, así como as previsións do Goberno ao respecto

[168430](#)**I 44711 (10/PRE-017334)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre a valoración e as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa escaseza de traballadores con formación agropecuaria nas comarcas de Bergantiños e Fisterra

[168430](#)**I 48316 (10/PRE-017448)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre as razóns das baixas orzamentarias de contías elevadas que se veñen producindo cada ano no mes de decembro nos orzamentos da Xunta de Galicia, o destino das dúas levadas a cabo a finais de 2018 no programa 513A, Construción, conservación e explotación portuaria, por importe de 5.687.537,34 euros e 500.166,34 euros, así como a opinión do Goberno galego respecto da planificación que está a realizar ao respecto

[168431](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de agosto de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 52916 (10/POC-008229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da necesidade da instalación dunha cuberta e unha pasarela de acceso ao colexio de San Vicens de Vimianzo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52917 (10/POC-008230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego no apoio e na difusión da obra intelectual do escritor e poeta Enrique Labarta

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52918 (10/POC-008231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego destinadas á conservación e a evitar os perigos de derrubamento da casa reitoral e do pombal de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52932 (10/POC-008232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a modificación das condicións e das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados como municipios turísticos e xeodestinos de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 52935 (10/POC-008233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a consideración da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria ofrecida no PAC de Ponteceso

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 52938 (10/POC-008234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas que debe tomar o Goberno galego diante da redución da poboación nova nos últimos anos e da escaseza de traballadores e traballadoras con formación agropecuaria nas zonas de Bergantiños e Fisterra

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 52940 (10/POC-008235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre os criterios nos que se basea o Goberno galego para considerar que os portos de Camariñas e Muxía son suficientes para cubrir a demanda de toda a Costa da Morte

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 52942 (10/POC-008236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan de conservación da paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52945 (10/POC-008237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as razóns das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2018

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 52950 (10/POC-008238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a deterioración na que se atopa o pavimento da estrada AC-114, no concello de Narón

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 52959 (10/POC-008239)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns que xustifican o pechamento do primeiro ano de formación do ciclo de grao medio de FP de Emerxencias e Protección Civil no curso 2019-2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52963 (10/POC-008240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de rexeneración de zonas improdutivas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 52964 (10/POC-008241)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a evolución das cotas das principais especies para a frota do cerco galega e sobre as súas descargas e vendas en Galicia durante 2018

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 52966 (10/POC-008242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 52980 (10/POC-008243)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a garantía do dereito dos pacientes de Povisa a unha asistencia e servizos sanitarios de calidade en condicións de igualdade e equidade cos pacientes dos hospitais públicos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 52981 (10/POC-008244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 52986 (10/POC-008245)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 52994 (10/POC-008246)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para atender a problemática específica das mulleres sen fogar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 53000 (10/POC-008247)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a decisión adoptada polo goberno Galego de nomear unha nova responsable para o ente público Portos de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 53012 (10/POC-008248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a asistencia dos representantes de todas as confrarías e dos concellos da ría de Ferrol na reapertura ao marisqueo da zona da Gándara

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 53022 (10/POC-008249)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Sánchez García, Antón

Sobre as necesidades de persoal no servizo de pediatría do centro de saúde de Sada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53026 (10/POC-008250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto da declaración de utilidade pública, de urxente ocupación de terreos, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental en relación cos parques eólicos do Campelo, O Bustelo e Monte Toural, e tamén da LAT O Campelo-Mesón do Bento

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53029 (10/POC-008251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a valoración por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria dos datos que achega para Galicia a última enquisa de poboación activa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53031 (10/POC-008252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver na mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53032 (10/POC-008253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis



Sobre as iniciativas que se pretenden desenvolver na chamada Business Factory Auto (BFA) de proxectos innovadores da automoción de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53035 (10/POC-008255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do programa Innova PEME

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53037 (10/POC-008257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia e a aplicación en tempo e forma da normativa estatal reguladora do Plan Moves

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53040 (10/POC-008258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53046 (10/POC-008259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a efectividade dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 53053 (10/POC-008260)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre a mellora da infraestrutura e dos servizos de transporte ferroviario, así como respecto da supresión dos pasos a nivel urbanos en Monforte de Lemos e a súa comarca

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53061 (10/POC-008261)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da actividade mercantil da Sociedade Concessionaria Novo Hospital de Vigo S.A.

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 53062 (10/POC-008262)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da construción en Chantada dunha nova ponte sobre o río Asma

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 47811 (10/POC-007598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aprobación dun plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba segundo o establecido no Decreto 294/2008, así como o asinamento dos convenios de colaboración comprometidos cos concellos de Vimianzo e Laxe para labores de limpeza e sinalización deses espazos

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52941

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 52952 (10/PRE-017512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a deterioración na que se atopa o pavimento da estrada AC-114, no concello de Narón

- 52960 (10/PRE-017513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns que xustifican o pechamento do primeiro ano de formación do ciclo de grao medio de FP de Emerxencias e Protección Civil no curso 2019-2020

- 52983 (10/PRE-017514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)

- 52988 (10/PRE-017515)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula



Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019

- 53007 (10/PRE-017516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os recursos as medidas que debe adoptar o Servizo Galego de Saúde co obxectivo de garantir a cobertura e a continuidade asistencial das necesidades do colectivo de persoas con dano cerebral adquirido

- 53008 (10/PRE-017517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que se están a desenvolver para cumprir o acordo asinado entre o Sergas e os PAC en xullo de 2019

- 53009 (10/PRE-017518)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a organización, previsión e xestión na asistencia da atención primaria no centro de saúde do Grove

- 53014 (10/PRE-017519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a asistencia dos representantes de todas as confrarías e dos concellos da ría de Ferrol na reapertura ao marisqueo da zona da Gándara

- 53028 (10/PRE-017520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os prexuízos ambientais, sociais e socioeconómicos da autorización da implantación de tres parques eólicos na zona do Campelo, O Bustelo e Monte Toural

- 53048 (10/PRE-017521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a efectividade dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal

- 53058 (10/PRE-017522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da actividade mercantil da Sociedade Concessionaria Novo Hospital de Vigo S.A.



Admisión da retirada e publicación do acordo

- 44364 (10/PRE-016954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso e co tempo necesario para desprazarse ata o hospital máis próximo, así como a súa opinión respecto da atención sanitaria ofrecida nel

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52934

- 46125 (10/PRE-017205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 4 máis

Sobre os criterios nos que se basea o Goberno galego para considerar que os portos deportivos de Camariñas e Muxía son suficientes para cubrir a demanda de toda a Costa da Morte, a súa comparación en número cos existentes noutras zonas marítimas de Galicia e as medidas que está a levar a cabo respecto do xeodestino Costa da Morte

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52939

- 47852 (10/PRE-017232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a incidencia que está a ter para a contratación de persoal nas oficinas de turismo o actual modelo de subvencións para concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, así como as previsións do Goberno ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52931

- 44711 (10/PRE-017334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa escaseza de traballadores con formación agropecuaria nas comarcas de Bergantiños e Fisterra

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52936



- 48316 (10/PRE-017448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as razóns das baixas orzamentarias de contías elevadas que se veñen producindo cada ano no mes de decembro nos orzamentos da Xunta de Galicia, o destino das dúas levadas a cabo a finais de 2018 no programa 513A, Construción, conservación e explotación portuaria, por importe de 5.687.537,34 euros e 500.166,34 euros, así como a opinión do Goberno galego respecto da planificación que está a realizar ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52943

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O colexio de San Vincenzo de Vimianzo precisa dunha pasarela que permita ao alumnado nos días de choiva acceder ás instalacións sen mollarse. Actualmente, isto non é posible, xa que o patio existente non comunica coa entrada principal. Hai que dicir, ademais, que neste patio cuberto, nos días de vento e choiva, a auga entra cubrindo unha boa parte da superficie. O motivo é que a instalación actual resulta demasiado pequena, está desprotexida e carece da dita pasarela de acceso, o que a fai inútil para os pequenos nos días de mal tempo.

Aínda que recentemente, na primavera de 2018, a Consellería de Educación fixo un investimento no colexio de Vimianzo, non se tiveron en conta estas deficiencias, e unicamente se fixo un parche que non resolveu o problema. Son precisas, polo tanto, obras complementarias, que se leven a cabo de xeito inmediato para solucionar un grave problema. Solucións que se veñen demandando desde hai tempo pola representación dos pais e nais de alumnos e alumnas do centro, solicitando unha pasarela e unha cuberta que evite que o alumnado se molle nos días de choiva.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a necesidade dunha cuberta e unha pasarela de acceso ao colexio de San Vincenzo de Vimianzo?

2ª) Vai levar a cabo a obra necesaria para evitar a exposición continuada do alumnado a estas inclemencias meteorolóxicas, en caso positivo, cando?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52916
Data envío: 23/07/2019 14:13:11.482

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 14:06:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Don Enrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925), escritor e xornalista galego, referente da literatura galega de finais do século XIX e primeiro cuarto do século XX. Cabe destacar na súa traxectoria a súa participación nos faladoiros da Academia da Mocidade Católica, onde ten ocasión de coñecer a escritores como Vale-Inclán, Augusto González Bicada, Juan Barcia Caballero, Vázquez de Mella, Cabeza de León ou Alfredo Brañas.

Labarta Pose é un poeta encadrado na liña costumbrista de finais do século XIX, aínda que incorporou elementos modernistas. Algunhas das súas obras: Galicia Humorística (1888), O País Galego (1888), A Pequena Patria (1890), Extracto de Literatura (1893) e Pasatempos (1893-1894); dirixiu Galicia Moderna (1897) e colaborou en Galicia Recreativa e A miña Terra co pseudónimo de Antón de Rabodegalo. Un dos volumes da Biblioteca galega comprende a obra Tío Miseria e outros contos, de Labarta Pose.

A súa memoria segue aínda viva na súa vila natal. Así, o colexio da localidade leva o seu nome, mentres que as asociacións locais de carácter cultural máis relevantes (Adro e Badius) homenaxeán ano tras ano ao escritor coa finalidade de propoñer a súa figura para o Día das Letras Galegas, ata o punto de constituírse unha comisión para canalizar esta petición, encabezada por un científico e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, o profesor Jorge Mira, coñecido divulgador e director do programa Conciencia da USC.

Quizá un dos fitos máis relevantes no afán por destacar a figura e a obra do escritor, viviuse hai máis de 20 anos coa publicación da obra Contos (Galaxia, editada por Xosé Manuel Varela Varela e Xosé María Lema), un libro que recolle oito dos relatos que Labarta Pose publicara en 1897 e 1908 en revistas diversas.

Enrique Labarta Pose foi pioneiro introducindo a literatura na Costa da Morte, e con ela o xénero humorista, como un sinal de identidade dos seus relatos, ambientados en moitos lugares do interior desta comarca da provincia da Coruña.

En relación con este tema aprobouse en outubro de 2017 no Congreso dos Deputados unha Proposición non de lei por unanimidade, para apoiar a



divulgación das obras de Eduardo Pondal e Enrique Labarta, mediante a sinatura de convenios cos seus respectivos concellos de nacemento, Ponteceso e Zas, así como coas entidades Badius e Adro, e Fundación Eduardo Pondal. O punto 2 da resolución aprobada, establece o seguinte:

“2. El Congreso de los Diputados manifiesta la voluntad firme de dar a conocer y promover la difusión de la figura y de la obra del intelectual, escritor y poeta baiés Enrique Labarta Pose, e instar a promover la firma de convenios de colaboración con el Ayuntamiento de Zas (en el que se ubica la localidad de Baio, donde nació), y con las entidades culturales Adro y Badius, que vienen emprendiendo actualmente actividades de homenaje y conmemoración de la vida y obra del escritor.”

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que opinión ten o Goberno galego sobre a necesidade de implicación institucional e orzamentariamente na difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta baiés, Enrique Labarta Pose, a través de convenios de colaboración co Concello Zas, e coas entidades culturais Adro e Badius?

2ª) Vai o Goberno galego seguir os pasos do Congreso e apoiar a difusión da obra intelectual do escritor e poeta baiés Enrique Labarta?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 14:08:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 14:08:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/07/2019 14:08:49



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A *Lista Roja del Patrimonio* é unha iniciativa da Asociación Hispana Nostra, que naceu no ano 2007, que ten por obxecto dar a coñecer e protexer aquela parte do patrimonio cultural e natural español en estado de abandono ou perigo, e polo tanto, en risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores.

A casa reitoral de Corcoesto acaba de ser incluída na *Lista Roja del Patrimonio*, indicando que existe risco de “derrube das cubertas da casa reitoral e pombal”. Establece ademais que “a casa é un claro exemplo da arquitectura tradicional das casas reitorais que se construíron na comarca de Bergantiños”.

Hai que ter en conta que nesa comarca un dos atractivos turísticos é o patrimonio cultural e arquitectónico, e unha boa parte del está formado por bens de carácter relixioso. É tal a súa importancia que mesmo por parte do Concello de Cabana se están a acometer actuacións para mellorar os tramos de acceso, pero non deixa de ser preocupante porque se espera un incremento da afluencia turística, pero non se están a tomar as medidas de seguridade necesarias nin por parte do Goberno galego, nin da Diocese de Santiago que non levou a cabo ningunha actuación para evitar os potenciais riscos para a seguridade das persoas que visitan a construción.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego da situación na que se atopa a casa reitoral e o pombal de Corcoesto?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para evitar os potenciais perigos aos visitantes do inmovible ante o risco certo de derrube das cubertas da casa reitoral e o pombal de Corcoesto, se for o caso, cando?

3ª) Mantivo o Goberno galego algún tipo de contacto coa Diocese de Santiago para tratar o estado de conservación da casa reitoral e pombal de Corcoesto?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52918
Data envío: 23/07/2019 14:14:03.900

Parlamento de Galicia, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 14:09:53

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 14:10:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/07/2019 14:10:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Os municipios que constitúen un xeodestino turístico na Costa da Morte ofrecen unhas calidades turísticas inigualables debido ás características únicas da súa natureza, con inconfundibles e interminables praias, unha costa agreste e abrupta, chea de lendas e embruxo. Integrada nos circuitos xacobeos ofrece pintorescos lugares, restos de cultura castrexa, importantes testemuñas románicas das que cabe salientar como máximos expoñentes as igrexas de Moraime, Mens, Cereixo e Fisterra, ás que hai que engadir dolmens, castelos, santuarios, faros, fervenzas, En definitiva, terra de contrastes e mil paisaxes, cunha boa mesa.

Por iso, os rexedores municipais non son descoñecedores do potencial co que contan, e ano tras ano están a facer importantes esforzos para poñelo en valor. Este esforzo vese reflectido nun inxente número de visitantes que se incrementa cada ano.

Non obstante, esta afluencia aflorou algunhas carencias nos servizos, a pesar dos grandes esforzos municipais para afrontala. Estas carencias veñen derivadas dos escasos recursos cos que contan.

Unha das máis salientables é a resultante da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as condicións e as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados como municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, que limita as posibilidades de contratación de persoal nas oficinas de turismo, unicamente aos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Desde o 15 de xuño ao 15 de setembro.

Trátase dun modelo desfasado e insuficiente, que non se corresponde coa corrente real de visitantes ao longo do ano, e que impide que se poida ofrecer un servizo de calidade con comodidade. É preciso, polo tanto, un modelo que responda ás necesidades reais e aporte flexibilidade, de modo que os concellos poidan realizar estas contratacións, fixando de acordo coas súas necesidades as datas que requiran deste servizo, que non necesariamente ten que ser o mesmo en todos os concellos.



Por todo iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da falta de flexibilidade que supón o modelo actual de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, que só permite as contratacións entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, de modo que non se corresponde coas necesidades reais dos concellos?

2ª) Ten pensado o Goberno galego revisar á alza o importe máximo da axuda de “por entidade” xa que resulta insuficiente para afrontar as necesidades reais dos concellos?

3ª) Ten valorado o Goberno galego o establecemento dunha taxa turística?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/07/2019 11:22:02

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/07/2019 11:22:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/07/2019 11:22:39



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia vén sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos desde hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia asistiu a debates en comisión e pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo...), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Con todo, a resposta deste Goberno vén sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia rexeitou as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

O acontecido no día 4 de agosto no PAC da Estrada foi un suceso fatal que retumbou en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequera no seu horario laboral, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC da Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.



Esta situación debe ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario.

Neste sentido, en relación co PAC de Ponteceso, é preciso indicar que hai preocupación pola ausencia do segundo equipo. Este PAC abarca aos concellos de Ponteceso, Laxe e Cabana de Bergantiños, afectado a unha poboación de máis de 13.000 persoas. O PAC atópase a 56 km de distancia do Hospital da Coruña, uns 45 minutos son necesarios para ese desprazamento, e con respecto ao hospital de Cee precísanse 42 minutos para percorrer os 46 km de distancia.

Estas longas distancias poñen de relevo a necesidade dese segundo equipo, xa que as urxencias teñen unha maior relevancia. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un só equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a non existencia de segundo equipo no PAC de Ponteceso?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego dos máis de 40 minutos necesarios para o desprazamento ao hospital máis próximo desde o PAC de Ponteceso?

3ª) Cantos contratos temporais se realizaron ata o momento na época de verán de 2018 en atención primaria, e cantos deles foron destinados ao PAC de Ponteceso?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria ofrecida no PAC de Ponteceso é correcta e satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/07/2019 11:41:45

Julio Torrado Quintela na data 24/07/2019 11:42:01

Noela Blanco Rodríguez na data 24/07/2019 11:42:15



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Carmen Rodríguez Dacosta e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, as comarcas de Bergantiños e de Fisterra, desde o ano 2009 ata a actualidade reducíronse o número de explotacións e o número de unidades de bovino intensamente. Este descenso, que non se produciu coa mesma intensidade nas diferentes comarcas galegas, é un reflexo do desleixo co que, dende hai varios anos, a Xunta de Galicia ven tratando ao rural.

Como é sabido, a redución do número de explotacións gandeiras compense con que as que quedan son cada vez son máis grandes. O sistema tradicional de gandaría deu paso, nos últimos anos, a un sistema moito máis industrializado con maior produción. Este novo sistema é demandante de man de obra formada adecuadamente. Non obstante, existen dificultades para atopar esa man de obra.

Desde o noso punto de vista cremos que se dan varias circunstancias que inflúen nesta escaseza de persoal para traballar no agro:

- A redución considerable de poboación moza e a dificultade de relevo xeracional nas explotacións.
- A falta de formación adecuada e a dificultade para acceder a ela nas ditas comarcas.
- A falta de servizos públicos de calidade que permitan a conciliación familiar, como prazas nas garderías ou en centros e residencias de maiores.

En relación coa segunda das causas, constátase a reducida oferta formativa na familia profesional Agraria que, para as comarcas citadas, se reduce ao concello de Coristanco, na EFAG Fonteboa; aínda máis, no caso da provincia da Coruña a oferta completa é a seguinte:

-Produción agropecuaria:

Boqueixón CFEA Sergude con 20 prazas
Coristanco EFAG Fonteboa con 30 prazas



-Gandaría e asistencia en sanidade animal:

Boqueixón CFEA Sergude con 22 prazas
Coristanco EFAG Fonteboa con 20 prazas

-Paisaxismo e medio rural

Bergondo CFEA Guísamo con 25 prazas
Coristanco EFAG Fonteboa con 20 prazas

-Aproveitamento e conservación do medio natural

Arzúa IES de Arzúa con 22 prazas
Boqueixón CFEA Sergude con 25 prazas

Como se pode apreciar a oferta formativa é escasa, menos de 200 prazas para toda a provincia da Coruña.

Non obstante, non soamente se trata do número reducido de prazas, senón que, tamén, hai que sumarlle a distancia á que se atopan estes centros das vilas que conforman as ditas comarcas, o que supón que, na maioría dos casos, o tempo empregado en desprazamentos supera as dúas horas diarias.

Polo tanto, tendo en conta as dificultades que se indican desde o sector para atopar xente formada nas distintas comarcas, e valorando a reducida oferta formativa que existe está claro que nos atopamos diante dunha eiva importante para o desenvolvemento do campo galego. Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que existen varias medidas que se poden adoptar por parte do Goberno, entre elas fomentar a formación e o traballo no rural. Pero atopámonos cunha lexislatura que foi anunciada como a “do rural”, pero da que non se coñecen, na práctica, os seus resultados, o que amosa que esta aposta debeu quedar no esquecemento dado que as supostas medidas non se materializaron, e como consecuencia temos unha redución dramática no número de explotacións nas ditas comarcas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego a redución drástica de poboación nova nos últimos anos nas zonas de Bergantiños e Fisterra?
- 2ª) Como valora o Goberno galego a escaseza de traballadores e traballadoras con formación agropecuaria nas comarcas de Bergantiños e Fisterra?
- 3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para fomentar este traballo e ampliar a oferta formativa para facilitar o acceso a ela?



Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/07/2019 11:54:20

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/07/2019 11:54:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/07/2019 11:54:48



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Axencia Galega de Turismo propón descubrir Galicia do xeito máis natural, a través de 14 espazos singulares dada a súa historia e mesmo a súas singularidades. Son os denominados xeodestinos. Dentro deses 14 atópase o da Costa da Morte, que abarca os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Desde o Grupo Socialista compartimos o enorme potencial que a Costa da Morte ten como destino turístico, na súa maior parte sen explotar, a pesar de que aportaría a pendente dinamización económica e social. Isto débese en boa parte ao abandono no que o Goberno de Feijóo sumiu esta comarca. En materia de turismo, concretamente, é un exemplo a falla de accións para a posta en valor, por exemplo, dos Penedos de Pasarela e Traba, regulado por decreto do ano 2008 e que 10 anos despois segue pendente de ser unha realidade, ou simplemente a imposibilidade real de percorrer a Costa da Morte en transporte público.

Percorrela por mar, tamén supón unha gran dificultade ante a ausencia de portos deportivos suficientes, de xeito que é frecuente ver fondeadas embarcacións nas enseadas na procura de descanso ante as longas etapas que é preciso realizar pola ausencia de portos deportivos. Ausencia que se manterá así, porque a Xunta considera que os portos de Camariñas e Muxía son suficientes para cubrir a demanda de toda a Costa da Morte, eliminando deste xeito calquera potencial de crecemento derivado do turismo. Sen embargo, esta cuestión resulta contraditoria, xa que non existen os atraques para embarcacións da 7ª lista pero en cambio, promócióname a Vila do Cristo, en Fisterra, como “Porto Xacobeo”. Semella ademais un agravio comparativo en relación cos portos deportivos existentes noutras zonas marítimas da nosa Comunidade Autónoma.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que criterios se basea o Goberno galego para considerar que os portos de Camariñas e Muxía son suficientes para cubrir a demanda de toda a Costa da Morte?



2ª) Que opinión ten o Goberno galego do reducido número de portos deportivos na Costa da Morte en comparación con outras zonas marítimas da nosa comunidade autónoma?

3ª) Que medidas concretas está levando a cabo o Goberno galego en relación co Xeodestino Costa da Morte?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/07/2019 12:07:04

Patricia Otero Rodríguez na data 24/07/2019 12:07:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/07/2019 12:07:34

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/07/2019 12:07:54



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Sendo Emilio Pérez Touriño o presidente da Xunta de Galicia, declarou paisaxe protexida por medio do Decreto 294/2008 os Penedos de Pasarela e Traba, un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da comunidade autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña.

En decembro de 2018 cumpríronse 10 anos, e con motivo deste aniversario os alcaldes de Laxe, en funcións, e o alcalde de Vimianzo, mantiveron unha xuntanza coa directora xeral de Patrimonio Natural na que, entre outros temas, trataron a necesidade de desenvolver o dito Decreto. Desta xuntanza xurdiu o compromiso de iniciar neste ano 2019 os traballos necesarios para elaborar o plan de protección de paisaxe protexido, colaborando cos concellos de xeito inmediato na sinalización e na limpeza; así como a explorar outras vías para poñer en valor esta paisaxe única. A día de hoxe, cando se achega a Semana Santa, e o verán, épocas de auge turístico na Costa da Morte, os concellos non recibiron ningunha resposta por parte do Goberno galego, co cal é necesario preguntar por este tema.

O propio decreto poñía en valor esta formación rochosa destacando a súa singularidade e beleza, xa que forman “un impresionante pano de fondo visible, tanto desde a localidade de Pasarela como, dunha maneira especial, desde a área de Traba. Postos no areal que pecha a lagoa pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.”

Testemuñas da nosa historia son as rochas que nos indican “os valores culturais como elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se lle asocian desde lendas e tradicións ata poderes curadores, tanto de enfermidades como, mesmo, de amores, desamores ou encantamentos”. “Non se trata unicamente de pedras amorfas e sen valor”, di o Decreto, “senón de elementos figurativos, preceptuais e culturais das paisaxes”.

Así no artigo 1º, establécese que “De conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declárase paisaxe protexida o espazo natural coñecido como Penedos de Pasarela e Traba”. E no artigo 6º



relativo á xestión establecíase, entre outras cousas, que a consellaría competente é a responsable da xestión deste paraxe único. Isto implica, con carácter xeral a conservación e a protección dos elementos desta paisaxe e de maneira especial a protección e a conservación das rocas que integran esta paisaxe protexida. O Decreto ademais establece que fomentará o coñecemento desta paisaxe e promoverá a realización de programas de investigación e de educación ambiental. Tamén se promovería un desenvolvemento económico e turístico desa zona que fose respectuoso co medio.

Desde que o PP chegou ao Goberno da Xunta, este decreto permaneceu pechado nun caixón, e un lugar tan emblemático e único como son os Penedos non recibiu ningún tipo de atención, obviando un decreto que aínda permanece en vigor. Isto a pesar de que na disposición adicional primeira se marcaba un prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste decreto, para que a consellaría competente en materia de medio ambiente aprobase o plan de conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Unha paisaxe protexida é aquela parte do territorio que as administracións competentes, a través do planeamento aplicable, e de acordo co Convenio Europeo da Paisaxe, consideran merecedoras dunha protección especial polos seus valores naturais, estéticos e culturais. Desde a aparición desta figura de paisaxe protexida son dúas as paisaxes galegas que, ademais dos valores citados, presentan unha relación harmoniosa entre o ser humano e o medio natural que xustifica a súa declaración oficial: Os Penedos de Pasarela e Traba nos concellos coruñeses de Vimianzo e Laxe, e o Val do río Navea nos concellos ourensáns de San Xoán de Río e a Pobra de Trives.

Sería preciso que a Xunta aprobase un plan de conservación que inclúa as accións que garantan a protección, a xestión e a ordenación desta paisaxe, co obxecto de evitar o deterioro do conxunto paisaxístico. Todo canto fixo o Goberno de Feijóo foi incluír un enlace na súa páxina web de Turismo. Nin sequera aceptou a invitación do Concello de Laxe para participar na mesa redonda que se celebrará ao día un de xuño, “Un impulso ao Plan de Conservación dos Penedos de Pasarela e Traba”.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cando vai o Goberno galego aprobar un plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, tal e como se establece no Decreto 294/2008?
- 2ª) Vai incluír nese plan de conservación medidas de acción que garantan a protección, xestión e ordenación do espazo, co obxecto de evitar o seu deterioro?



3ª) Cando vai cumprir co compromiso adquirido, en novembro de 2018, cos concellos de Laxe e Vimianzo, asinando convenios de colaboración para labores de limpeza e sinalización dos Penedos?

4ª) Que outras vías estuda o Goberno galego para poñer en valor esta paisaxe única?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/07/2019 12:18:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/07/2019 12:18:35

María Luisa Pierres López na data 24/07/2019 12:26:08



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2018.

O programa 513A “Construción, conservación e explotación portuaria” figura nos orzamentos da Consellería de Facenda para o ano 2018 cunha dotación de 10.154.626 euros. Na memoria do Goberno galego indícase como obxectivo o de modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena sobre a base das actividades con máis demanda e da especialización e para colaborar coa sustentabilidade da actividade pesqueira.

Chaman a atención as dúas baixas orzamentarias: unha delas por importe de 5.687.537,34 euros e outra por importe de 500.166,34 euros, ambas as dúas realizadas a finais do ano 2018, sen indicar o destino destas partidas orzamentarias.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é a razón de que se produzan de maneira sistemática baixas orzamentarias, no mes de decembro de cada ano, de contías moi elevadas nos orzamentos da Xunta de Galicia?
- 2ª) Cal é o novo destino destas modificacións orzamentarias?
- 3ª) Considera que o Goberno galego non realiza unha boa planificación orzamentaria vendo as contías das ditas modificacións?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 24/07/2019 12:44:55

Patricia Otero Rodríguez na data 24/07/2019 12:45:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/07/2019 12:45:24



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Luís Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada AC-114, é unha estrada autonómica cunha lonxitude de pouco máis de 600 metros e que comunica a AC-116 co lugar de Baltar no concello de Narón (A Coruña).

O firme é un dos elementos básicos da seguridade no tráfico, nesta estrada está moi deteriorado, a pesar dos arranxos puntuais, debido ao tráfico diário que soporta, esta estrada converteuse na vía principal para a veciñanza do lugar de Baltar e tamén como ruta de acceso ao Pazo de Baltar.

Este edificio forma parte do patrimonio cultural e etnográfico do concello de Narón, polo que, é un dos espazos que máis visitas recibe ao longo do ano, tanto polo seu interese cultural como turístico o que fai que sexa unha estrada cunha densidade elevada de tráfico e, polo tanto, necesita ser revisada constantemente para evitar accidentes ou outros contratempos.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación na que se atopa a capa de rodadura da estrada AC-114, no concello de Narón?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia arranxar o aglomerado e o pintado da estrada AC-114, no concello de Narón, en caso afirmativo, cal e o prazo?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/07/2019 13:32:44





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/07/2019 13:33:00

María Luisa Pierres López na data 24/07/2019 13:33:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na **comisión 4ª**.

Como cada verán, a Consellería de Educación aproveita o remate do curso para recortar aínda máis os nosos xa malogrados servizos educativos.

No curso 2015-2016 comezou a impartirse no instituto Antón Losada Diéguez da Estrada un ciclo de grao medio de FP en Emerxencias e Protección Civil, coa colaboración da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp). Deste ciclo, a actual conselleira de Educación, Carmen Pomar, chegou a dicir que “está a resultar de utilidade para o conxunto da sociedade galega”. Non obstante, no pasado mes de xullo pasou a engrosar a funesta listaxe de recortes caniculares aos que nos ten tristemente acostumados o Goberno de Núñez Feijóo.

A cancelación do ciclo sorprende porque se trataba dun proposta que viña concitando un éxito notable. A demanda superaba a oferta de maneira clara e rotunda. Só no último ano, presentáranse 76 aspirantes ás 30 prazas, 46 dos cales marcaran o FP de Emerxencias como primeira opción de estudos.

Coa supresión do título, a Xunta de Galicia traizoa sen motivo aparente tanto aos traballadores como ao conxunto dos alumnos e alumnas. Uns e outros terán que buscar agora, sen apenas tempo, unha alternativa para o vindeiro curso. Segundo o Goberno galego, “o alumnado que solicitou acceder ao ciclo para o próximo curso entrou no procedemento de admisión coas outras opcións marcadas”, pero non aclarou aínda que é o que acontece coas 24 persoas que non indicaron opcións alternativas.





A Asociación de Técnicos de Emerxencias e Protección Civil, creada polas primeiras promocións do ciclo de grao medio, denunciaron a eliminación do título, subliñando a pertinencia da súa formación que noutras comunidades do Estado se recoñece outorgándolle o rango de ciclo superior e non só de ciclo medio, como no caso de Galicia.

Así as cousas, cómpre que a Xunta reverta un recorte inxustificado que non só supón un prexuízo tremendo para o seu alumado e profesorado –vítimas da improvisación e neglixencia inesgotables do Goberno–, senón que dana ao conxunto da cidadanía galega ao privala dunha formación imprescindible para avanzar na mellora da súa seguridade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na comisión 4ª.

- Cales son as razóns que xustifican o peche do primeiro ano de formación do ciclo de grao medio de FP en Emerxencias e Protección Civil o curso 2019-2020 malia contar cunha demanda que dobra a oferta? Vanse recuperar tódolos anos de formación do título de grao medio para o ano 2020-2021?
- Que vai facer a Xunta de Galicia cos alumnos e alumnas que aspiraban a unha praza no grao medio de Emerxencias e non marcaron ningunha alternativa? Que opcións educativas lles vai brindar para o vindeiro curso?

Santiago de Compostela, a 24 de xullo de 2019

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G. P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/07/2019 13:45:42

Luca Chao Pérez na data 24/07/2019 13:45:50



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Unha das liñas prioritarias ás que dar continuidade para a nova lexislatura que acaba de comezar é seguir avanzando nos traballos de recuperación e mellora dos hábitats mariños. Así o ten indicado o propio presidente da Xunta e corroborado a través de múltiples intervencións desde a Consellería do Mar.

O Goberno galego vén defendendo a importancia de realizar un importante esforzo investidor nesta tarefa convencidos de que contribuirá a mellorar a produtividade marisqueira e permitirá incorporar máis persoas á actividade.

A maiores, estas tarefas de recuperación permiten o mantendo a biodiversidade e os ecosistemas costeiros e xeral contribúe a garantir as circunstancias ideais para permitir un aproveitamento sustentable dos recursos.

Unha das características máis positivas, en opinión do Grupo Parlamentario Popular, é o feito de que a gran maioría dos proxectos de recuperación son propostas e executadas desde as propias confrarías ou entidades asociativas do sector pesqueiro, o que garante ademais a súa eficacia e sintonía coas necesidades dos profesionais.

En relación con este asunto, os deputados abaixo asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance da superficie marisqueira rexenerada ata o momento?
- 2.- Que valoración fai do desenvolvemento do Plan de rexeneración de zonas improdutivas?
- 3.- Cantos proxectos financiou a Consellería do Mar neste ámbito en colaboración coas confrarías ou entidades asociativas do sector pesqueiro?
- 4.- Que medidas teñen previsto executarse no futuro para acadar a recuperación da produtividade marisqueira en Galicia?



Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 26/07/2019 11:06:16

María Ángeles Garcia Míguez na data 26/07/2019 11:06:33

Martín Fernández Prado na data 26/07/2019 11:06:46

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2019 11:07:02

Marta Rodriguez Arias na data 26/07/2019 11:07:16

María Soraya Salorio Porral na data 26/07/2019 11:07:32

Daniel Vega Pérez na data 26/07/2019 11:07:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Fai uns meses, representantes do sector dos buques cerqueiros de Galicia sinalaban que afrontan 2019 coa certeza de que vai ser máis difícil que o 2018 ante a falta de cotas nalgunhas das súas principais especies: a xarda, que se reduciu nun 20%; a sardiña, que será, como moito, igual que no 2018; e o cabalón, que cada ano vai a menos. As dúas especies nas que os cerqueiros teñen as súas esperanzas postas son o xurelo e a anchoa.

Estes representantes sinalaban, con relación á xarda, que a súa captura vai resultar anecdótica pola escaseza. No tinxinte á sardiña, manifestaban as súas dúbidas pola falla de claridade sobre cal será a cota, pero prevese que se manterá en termos do 2018. Alén disto, apuntaba a que, pola contra, o xurelo e a anchoa presentan un mellor estado, xa que hai máis cantidade dispoñible, aínda que non en todos os caladoiros.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu ao sector nas negociacións en Bruxelas, co obxectivo de mellorar a evolución das cotas de pesca que propoñía a Comisión Europea, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Como foi a evolución das cotas das principais especies para a frota cerqueira galega?
- 2.- Como foi a evolución das descargas e vendas da frota do cerco en Galicia durante 2018?
- 3.- Que balance fai da evolución das unidades pesqueiras que conforman a flota de cerco galega?
- 4.- Que balance fai da evolución da flota de cerco galega en termos de empregabilidade?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2019 11:21:14
Nº Rexistro: 52964
Data envío: 26/07/2019 11:21:14.651

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 26/07/2019 11:08:43

María Ángeles Garcia Míguez na data 26/07/2019 11:09:00

Martín Fernández Prado na data 26/07/2019 11:09:10

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2019 11:09:30

Marta Rodriguez Arias na data 26/07/2019 11:09:44

María Soraya Salorio Porral na data 26/07/2019 11:10:00

Daniel Vega Pérez na data 26/07/2019 11:10:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2019 11:22:00
Nº Rexistro: 52966
Data envío: 26/07/2019 11:22:00.953

A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia está a tramitar un proxecto para o dragado da canle do río Lérez, en Pontevedra. Trátase dun proxecto que pola súa dimensión supón o proxecto de dragaxe máis complexo que vai acometer a Xunta de Galicia. Ademais resulta ser unha obra de enorme importancia tanto para que as cofradías poidan recuperar os seus bancos marisqueiros como para a navegación da ría e o uso das instalacións do Club Naval de Pontevedra.

O proxecto conleva unha complexa tramitación ambiental que a Xunta está a observar escrupulosamente precisamente porque quere garantir a mínima afección ambiental e que non supoña prexuízos de ningún tipo para o sector do mar.

Nas últimas semanas se están transmitindo falsas noticias segundo as cales a Xunta de Galicia autorizou o traslado dos lodos que se retiren desa dragaxe da canle do río Lérez a Illa de Sálvora para vertelos alí, na ría de Arousa. Os rumores chegan ao punto de afirmar que xa se están vertendo lodos, algo rotundamente falso porque a dragaxe nin sequera comezou.

Ao fin de acalar estes rumores interesados que unicamente pretenden xerar alarma e preocupación no sector, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as previsións da Xunta de Galicia en relación ao proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 26/07/2019 11:14:18

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/07/2019 11:14:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2019 11:22:00
Nº Rexistro: 52966
Data envío: 26/07/2019 11:22:00.953

Teresa Egerique Mosquera na data 26/07/2019 11:14:49

María Ángeles Garcia Míguez na data 26/07/2019 11:15:05

Martín Fernández Prado na data 26/07/2019 11:15:19

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2019 11:15:37

Marta Rodriguez Arias na data 26/07/2019 11:15:50

María Soraya Salorio Porral na data 26/07/2019 11:16:07

Daniel Vega Pérez na data 26/07/2019 11:16:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

Povisa ten o primeiro concerto en 1985 co ISM e o INSALUD.

En 1993 asina o primeiro Concerto Singular co Sergas, un concerto en base á estancia. O Sergas pagaba por día de estancia, polo que en Povisa unha apendicite botaba 15 días ingresada e no Sergas 5 días.

No ano 2000 asínase un novo Concerto polo que se lle outorga a Povisa a atención sanitaria de Cangas, Moaña, A Guarda, Gondomar, Baiona e parte de Vigo, con duración ata 2008 que se prorroga ata 2014.

En 2014, asínase o actual concerto baseado en número de persoas aseguradas, cun límite de 139.000.

Durante todos estes anos, Povisa foi converténdose cada vez nunha entidade máis imprescindible na área sanitaria de Vigo, xa que os sucesivos concertos foron dándolle máis cota de participación na sanidade pública.

Esta delegación da Sanidade Pública en Povisa fortaleceu notablemente a súa oferta privada (ten prestacións e servizos que o resto de hospitais privados non pode ofertar) que lle facilita a competencia neste sector.

E a pesar de ter o Concerto que Povisa quería asinar, nos termos que Povisa quería asinar, de ter conxelado o Convenio Colectivo dende 2010, de ter reducido



o cadro de persoal e as xornadas e de ter precarizado as condicións laborais, de ser o hospital privado con máis prestacións de Galiza, Povisa segue a chantaxear ao pobo galego.

Ao longo destes anos, Povisa e a Xunta acadaron un xeito de negociar: Asíñase un concerto por unha cantidade e unhas prestacións que poidan ser aceptables pola sociedade e despois Povisa reclama que o Sergas non paga parte da atención e o Sergas acepta e paga. Así que, en realidade: canto custa o Concerto de Povisa?

Por outra banda, e para facilitar a negociación, constrúense as portas xiratorias entre Povisa e o Sergas: os dous últimos Conselleiros proceden da dirección de Povisa (Rocío Mosquera e Xesús Vázquez Almuiña).

O secretismo sobre o Concerto de Povisa é total: descoñécese a súa lista de espera, tanto cirúrxica como de consultas; non se coñece o número de reingresos; non se coñecen as contas desagregadas entre a prestación privada e a pública dado que comparten profesionais, instalacións, medicación, medios diagnósticos, etc. O propio Consello de Contas fai referencia a diversas lagoas na fiscalidade de Povisa.

Povisa forma parte do holding Nosa Terra 21, formada polas seguintes filiais:

- Nosa Terra 2000.
- Povisa e Asistencia Médica Sanitaria (ASMESAN). Ademais Povisa é único accionista de Atención Integral a la Tercera Edad (AITE).

ASMESAN é a empresa pola que Povisa contrata ás comadronas (non pode contratalas Povisa porque son empregadas públicas do Sergas e hai incompatibilidade) e agora aos xefes de servizo que están xubilados (chegados os 70 anos non poden seguir traballando para o Sergas a través de Povisa, polo que os contrata por esta empresa pero seguen sendo Xefes de Servizo de Povisa).



AITE é a empresa pola que se constrúe e aluga vivendas moi próximas ao hospital a traballadores eventuais de Povisa.

- Empresas do sector naval, transporte marítimo, remolcadores, etc.

O enderezo social de todas as empresas do grupo é o mesmo e coincide co enderezo físico de Povisa (Rúa Zaragoza, Zamora, Barcelona e Salamanca son as rúas laterais de Povisa, polo que o enderezo, realmente é o mesmo).

Só Nosa Terra 21, que engloba a todas as empresa do grupo, presentou as contas globais do grupo correspondentes a 2018. Cada empresa do grupo individualmente non presentou a súa. Polo tanto, Povisa declara unhas perdas que non se poden comprobar nin, de existir, analizar a que se deben.

En 2013 Povisa obtivo os maiores beneficios de toda a súa historia tralos recortes da crise, que non volveu “reaxustar”. Coa chegada dos bos tempos e os beneficios do grupo empresarial ao que pertence o hospital, Nosa Terra 21, non deixan de medrar.

O dono do grupo, José Silveira Cañizares, é un dos homes máis ricos do estado. Era o 138º máis rico en 2017 cun patrimonio neto de 300 millóns de euros, e en 2018 caeu ao posto 152 aumentando ata 310 millóns o seu patrimonio.

E a pesar de todo isto, o maior hospital privado do Estado e 139.000 persoas que teñen este centro como hospital de referencia, anunciou en setembro do pasado ano a súa entrada en concurso de acredores, por mor, segundo a dirección do centro, do 'deficitario' convenio co Sergas que produciu unhas perdas acumuladas de 42 millóns de euros, por un convenio co Sergas lesivo para os seus intereses. Perdas que declaran cando o Concerto se incrementa anualmente mentres que o convenio colectivo permanece conxelado dende 2010. En decembro de 2017 retirou o concurso de acredores tras mellorar as condicións do Concerto co Sergas.



Este ano Povisa entre os seus obxectivos inclúe “reducir todas as actuacións (consultas, probas, intervencións...) en pacientes derivadas do Sergas que non acheguen ningún valor engadido”, “aproveitando esa liberación de recursos” para “mellorar cada vez máis o noso tempo de resposta a pacientes privados”.

Fontes de Povisa consideraron "absolutamente normal" esta estratexia: reducir probas "que non aportan valor engadido", ten como obxectivo "evitar que se moleste en exceso" aos pacientes con actuacións innecesarias. Pero esta delicadeza de trato só se aplica a pacientes Sergas, porque ao paciente privado pretenden realizarlle todas as probas que estime pertinentes a cambio de non molestar aos pacientes Sergas. Segundo a Dirección de Povisa, "se un usuario privado quere que lle realicen 40 TACs, pode E debe esixírnolos"- (Artigo 21.2 do Código Deontolóxico Médico: As exploracións complementarias non deben practicarse de xeito rutineiro, indiscriminado ou abusivo. A medicina defensiva é contraria á ética médica).

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a

1. Vai abrir unha “investigación inmediata e transparente” para garantir aos pacientes de Povisa o seu dereito a unha asistencia sanitaria de calidade en condicións de igualdade e equidade cos pacientes dos hospitais públicos?
2. Vai permitir que a dirección de Povisa mude os criterios científicos nos que se basean as indicacións de consultas, probas ou intervencións aos pacientes Sergas, para así reducir o número delas co único obxectivo de incrementar a actividade privada e obter máis beneficios?
3. Vai esixir a Povisa as contas desagregadas entre a atención privada e pública que presta?
4. Vai esixir a Povisa as contas detalladas do hospital?
5. Vai abrir unha investigación inmediata e transparente sobre ASMESAN e AITE, os servizos que prestan en Povisa e o seu cadro de persoal?



Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/07/2019 10:32:50



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), considerada como a peor praga que afecta aos castiñeiros. Desde que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando nos últimos anos a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

A Consellería empezou o combate desta nova praga en 2016 coa solta de *Torymus*, procedentes de Italia, pero dun xeito experimental, e logo durante os anos 2017 e 2018, pero sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores e que de non combatela eficazmente ameaza con aniquilar soutos e provocar o colapso da produción de castaña.

No mes de abril de 2019 comezaba a solta de *Torymus* e fai uns días que coñecemos que a Xunta de Galicia remataba as soltas, cunha cantidade do dobre de individuos que no ano anterior, para combater a avespiña do castiñeiro.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que medios está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña?
- 2ª) Cal está a ser a situación de incidencia da praga da avespiña nos castiñeiros e nos soutos galegos en 2019?

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/07/2019 10:51:50





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 11:09:02
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 29/07/2019 11:09:02.450

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/07/2019 10:52:08

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

En xaneiro de 2019, o Grupo Municipal Por Chantada-CUP deunos conta da realización de obras no conxunto do mosteiro de San Salvador de Asma, sen constar que exista licenza municipal nin a pertinente autorización da Consellería de Cultura para ditas actuacións.

Tal como se observa en imaxes divulgadas pola Candidatura de Unidade Popular Por Chantada-CUP, téñense realizado actuacións no entorno da adega, cabaleirizas e entradas do mosteiro, tendo movido terra e introducido pedra do exterior con maquinaria pesada.

O mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada, é un centro esencial da vida socioeconómica de Chantada dende mediados do século X. Trátase dunha xoia do noso Patrimonio, que conta con restos de distintas épocas. Consérvanse vestixios románicos e un templo tamén do século XII, con restos prerrománicos, así como partes do s. XV, XVII e XVIII. Asemade, conta cun retábulo renacentista. A igrexa é visitable, pero o conxunto do mosteiro non, estando en mans privadas.

Recentemente, foi declarado BIC, na categoría de monumento, de acordo co Decreto, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Dita consideración de BIC “acadará todas as súas partes integrantes e elementos pertencentes, polo que serán parte do ben declarado BIC as dependencias ou edificacións anexas que teñan relación cos



seus valores culturais, en especial as igrexas e capelas, as edificacións residenciais, as construcións auxiliares de carácter significativo ou funcional e os muros de peche dos predios inmediatos”.

Ademais de ser afectado por estas actuacións en curso, denunciadas con data de 21 de xaneiro de 2019 por Por Chantada-CUP, o ben tense visto degradado no pasado ante a pasividade de todas as Administracións públicas encargadas de velar polo mesmo.

Segundo establece o artigo 39 da Lei de Patrimonio, que regula o réxime de autorizacións das intervencións nos bens de interese cultural, “as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados... terán que ser autorizadas pola consellaría competente”, autorización que terá “carácter independente de calquera autorización licenza ou trámite previo”.

Asemade, a Consellería de Cultura poderá ordenar “a suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado para o cumprimento dos fins previstos nesta lei” (lei de Patrimonio).

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

“1. A resolución que imponha a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado



ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.”

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a

1. É coñecedora a Xunta da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019?
2. Contaban estas obras coa pertinente autorización da Consellería de Cultura?
3. Ordenou a Consellería de Cultura a suspensión desta intervención nun BIC?
4. Que actuacións impulsou ou vai impulsar a Xunta para restaurar a legalidade e para protexer da degradación o mosteiro de San Salvador de Asma?
5. Iniciou ou vai a Xunta iniciar de oficio algunha actuación das previstas na Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza, de cara a posibilitar a reparación do dano?
6. Como casa a promoción da Declaración de BIC da Ribeira Sacra coa permisividade da Xunta ante a destrución do mosteiro de San Salvador de Asma?
7. Ten prevista a Xunta algunha actuación para impulsar a adquisición e xestión pública do mosteiro de San Salvador de Asma?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/07/2019 11:09:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Galiza ten unha elevada taxa de persoas sen fogar. Somos a 2ª Comunidade Autónoma en número de persoas sen fogar en relación ao total da poboación – 133/100.000 habitantes - e a 5ª en número total de persoas nesta situación, rexistrando o 8,3% da poboación sen fogar do Estado.

O perfil maioritario das persoas sen fogar continúa sendo masculino, cunha idade entre 45 e 60 anos, pero detéctase un aumento das mulleres sen fogar; sendo a das mulleres unha situación moito máis vulnerable. 80,5% das persoas sen fogar son homes e o 19,5% son mulleres. A súa presenza é menos visible e adoitan recorrer a outros medios, como pensións ou vivendas de persoas coñecidas, o que fai máis complexo abordar a súa problemática.

Segundo a psiquiatra Lucía del Río, que presentou estes datos na Iª Xornada sobre persoas sen fogar da comarca de Compostela, organizada polo Concello de Santiago:

- As mulleres sen fogar sofren máis trastornos mentais que os homes (máis depresión, ansiedade, somatizacións, trastornos alimentarios...), e son máis graves; sen embargo, sofren menos adiccións. Ademais:
- Maternidade non desexada, abortos.
- Agresións sexuais, trauma.



Por outra parte, tal como sinala o estudo de senfogarismos da Xunta, teñen menos estudos que os homes.

Sinala dito estudo da Xunta que “as mulleres sen fogar na rúa son especialmente vulnerables polas situacións de abuso ás que teñen que facer fronte, e cando chegan á rúa están máis desestruturadas e necesitan máis axuda. Ademais, moitos recursos están masculinizados e non existen recursos adaptados para as persoas sen fogar con diversidade funcional, así como tampouco para as persoas con diversidade sexual, o cal agrava máis a súa situación.”

Segundo datos amosados pola psiquiatra Lucía del Río, o 40% das mulleres que viven na rúa sufriron algún tipo de agresión e o 24% foron vítimas de agresións sexuais.

O estudo de senfogarismo da Xunta sinala que “tendo en conta as dificultades engadidas das mulleres, é preciso abordar o senfogarismo con perspectiva de xénero”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

1. Que medidas vai impulsar para atender a problemática específica das mulleres sen fogar?
2. Vai a Xunta promover programas especiais de inclusión laboral dirixidos ás mulleres sen fogar ou que residen en vivendas inadecuadas?
3. Vai a Xunta aumentar as políticas de vivenda pública tendo en conta a perspectiva de xénero?



4. Vai a Xunta elaborar estudos específicos sobre a situación das mulleres galegas sen fogar e en infravivenda?

5. Que actuacións específicas vai impulsar a Xunta ante as agresións sexuais e violencia contra as mulleres sen fogar?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/07/2019 12:13:08



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en **Comisión 8ª**.

Recentemente o Goberno Galego ven de destituír ao presidente de Portos de Galicia e de nomear unha nova responsable para o ente público.

Esta destitución logo de oito anos no cargo, ven a confirmar as nosas denuncias da errónea deriva na dirección do ente, que lonxe de axudar e beneficiar ao sector pesqueiro tradicional, dirixía a súa xestión no fomento da utilización terciara do terreos portuarios ou incluso lúdica, fronte ao impulso dos usos pesqueiros, provocando enormes deterioros na calidade das infraestruturas portuarias.

Ademais, non foi quen de arraxar os moitos problemas de seguridade que amosan os portos de titularidade autonómica, véxase a situación de Malpica, Laxe ou moitos outros no litoral Galego.

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 8ª.

- Cales foron os motivos da decisión adoptada polo goberno Galego de mudar a dirección de portos de Galicia, que obxectivos se marcan coa nova designación?

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2019



Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/07/2019 12:39:21

Paula Quinteiro Araújo na data 29/07/2019 12:39:31



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O pasado 2 de xullo a conselleira do Mar acompañada pola patroa maior da confraría de Ferrol, Isabel Maroño; a directora do Intecmar, Covadonga Salgado, e o presidente do PP de Ferrol, José Manuel Rey Varela, cualificou como «fito histórico», a reapertura ao marisqueo da zona da Gándara.

A zona da Gándara, que desde 1999, tiña a cualificación de zona C para o marisqueo, pero tralo empeoramento dos resultados microbiolóxicos en 2013 estivo pechada ao marisqueo debido aos elevados índices de contaminación por bacteria E. Coli. Como consecuencia, resultaba obrigada a depuración da ameixa nunha batea o que alongaba os prazos para a súa comercialización. Con esta reapertura redúcese ese prazo.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que motivo non estaban presentes os representantes de todas as confrarías e dos concellos da ría de Ferrol?

2ª) Como e cando trasladou a Xunta de Galicia ás confrarías da ría de Ferrol que a zona da Gándara pasase a ser zona B?

Pazo do Parlamento, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/07/2019 10:20:27

María Dolores Toja Suárez na data 30/07/2019 10:20:45

Patricia Otero Rodríguez na data 30/07/2019 10:22:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández** e Don **Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na comisión 5ª relativa á cobertura sanitaria no concello de Sada**:

Nos últimos anos vimos reiterando as denuncias por falta de cobertura de persoal sanitario en moito dos centros de saúde espallados pola xeografía galega.

Unha non cobertura que ven derivada por unha banda pola amortización de prazas nos centros de saúde e PAC de por outra pola non cobertura dunha parte significativa ds IT, permisos e vacacións do persoal titular.

Esta situación afecta aos dereitos sanitarios ao incrementar a espera media para as atencións, feito que se ve agravado no caso das urxencias naquelas vilas e cidades que contan co9n maior presión poboacional polo turismo nos meses de verán.

Este é o caso de Sada, no que a veciñanza está a sufrir unhas agardas absolutamente intolerables, chegando a quince días para unha consulta no seu centro de saúde.

Esta situación incrementa máis a afluencia ao punto de atención continuada, xa e por sí con pouco persoal.

Por outra parte, nun concello onde a poboación demandaba un segundo pediatra por mor do incremento poboacional, o SERGAS deixou ao centro de saúde sen ningún profesional o pasado 15 de xullo, feito que foi denunciado porr parte do Concello e polo en coñecemento da Consellería de Sanidade.

Ademais, a ambulancia que opera en Sada resulta escasa para cubrir os traslados dunha poboación como e a de Bergondo e Sada (a atendida no PAC) en torno aos 22.000 habitantes máis a poboación flotante.

Ante esta situación, **preguntamos**:

1.- ¿Como explican o descuberto no persoal do servizo de pediatría no centro de saúde de Sada?

2.- ¿Cando van dar cobertura ás vacacións do persoal con profesionais sustitutos/as?





3.- ¿ Como valoran unha espera de medio mes para unha consulta de atención primaria neste concello?

4.- ¿Vai valorar a Xunta ampliar o transporte sanitario?

Compostela, 30 de Xullo de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/07/2019 11:44:11

Antón Sánchez García na data 30/07/2019 11:44:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**

En xuño de 2018 a Consellaría de Economía, Emprego e Industria comezou a sacar a exposición pública os diversos trámites para a autorización da implantación de tres parques eólicos na zona do Campelo, O Bustelo e Monte Toural, que suporían, de levarse a cabo, a instalación de 27 novos aeroxeradores, dos cales 23 irían en solo do concello de Coristanco, 2 en Carballo e 2 en Santa Comba. Instalación que sempre leva toda unha rede de viarios, cableados, estacións colectoras e dunha LAT de case 37 km. que daría saída á enerxía producida desde O Campelo ata O Mesón do Bento.

Trátase en realidade dun só megaproxecto que por, digamos, "darlle axilidade" fraccionase en tres para poder así ser "tramitado" no goberno da Xunta de Galicia que como sabemos conta con esa marabillosa Lei de Iniciativas Empresariais, familiarmente nomeada de Depredación.

Non imos repetir aquí as tristes condicións discriminatorias da tarifa eléctrica dos galegos/as nin o excedente de produción eléctrica que o noso País posúe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O certo é que, amparadas polo PP, as grandes empresas eléctricas seguen a espoliar os nosos recursos obtendo cuantiosos beneficios a custa de acabar cos nosos montes, terras, lugares e medio ambiente, sen que haxa contraprestacións para as poboacións e territorios afectados. Porque a xeración de riqueza destas instalacións debера ir acompañada de proxectos locais de desenvolvemento e así facer partícipe á sociedade, posuidora do medio, do que é naturalmente seu e que en linguaxe coloquial é roubado con luva branca.

En ningunha parte dos expedientes se xustifica o porqué da declaración de interese público duns proxectos privados en detrimento dos intereses sociais e veciñais.

Porque os intereses sociais e veciñais si que se ven prexudicados.

Afeccións ambientais:

--A zona da Braña Rubia está incluída na proposta de ampliación da Rede Natura, con especies vexetais endémicas en perigo de extinción como a centaurea ultreia ou a euphorbia uliginosa, e tamén especies animais vulnerabeis como a rá de San Antón, o aguilucho cincento ou o zarapito real. Flora e fauna que conta cun alto grao de protección tanto a nivel galego como europeo.

--Na zona localízanse dous importantes humidais, incluídos no Catálogo de Humidais de Galicia, o Marco do Couto e a Lagoa de Alcaían así como a existencia de hábitats prioritarios que son parcialmente invadidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Destacar tamén a existencia de augas subterráneas e fontes cuxo curso pode ser alterado e que corren risco de contaminación, tal e como se reflicte no proxecto.

--A nivel arqueolóxico estamos ante unha das zonas máis importantes de todo o concello, na cal foron atopados restos históricos desde o Paleolítico e con elementos que contan cun alto grao de protección como diversas mámoas.

Afeccións sociais:

--A instalación dos aeroxeradores e o ruído por eles producido supón unha alteración importante nas poboacións próximas que se acaba traducindo nun progresivo abandono deses núcleos de poboación debido ás implicacións vitais e de saúde que trae consigo o parque eólico: ruídos, infrasóns, contaminación radioelétrica, cargas magnéticas, etc., efectos que, nalgúns casos, nin sequera están o suficientemente estudados e avaliados e que, neste caso, habería que estudar de maneira conxunta, xa que nalgúns puntos superpóñense os efectos dos tres parques.

--Instalación dunha liña de alta tensión a poucos metros das casas e o paso do cableado transportador da enerxía a apenas uns metros das casas do Campelo.

--Algúns aeroxeradores ubícaríanse a escasos 500m dalgunhas vivendas, como os núcleos de Vilela, O Campelo, As Salgueiras, Mira ou Sabaceda, mesmo quedando algúns deles completamente rodeados polos mesmos, o cal é incomprensible en boa lóxica, tendo en conta ademais, que está distancia está





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baseada nunha lei que non contemplaba as dimensións dos actuais aeroxeradores (unha altura de fuste de 112 metros, 180 metros coa aspa estendida, e un diámetro de rotor de 136 metros).

Afeccións socioeconómicas:

--A súa instalación traería importantes afeccións socioeconómicas como a perda do valor do monte, das fincas próximas ao parque e mesmo das vivendas da contorna, e un maior risco de incendios.

-- Polígonos eólicos moito máis grandes do espazo que ocupa o parque, quedando núcleos rurais dentro destes polígonos.

--Destrución de postos de traballo vinculados á agricultura e ao sector forestal.

--Merma considerable do interese turístico da zona da Braña Rubia, que actualmente é zona de esparcemento e sendeirismo, e de zonas turísticas xa consolidadas como a ferverza de Castriz.

--Recualificación de terreos e fincas con afectación ó cobro da PAC

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-- Ten valorado o goberno galego os prexuizos que a instalación deste megaparque terían para a veciñanza afectada?

-- Que pensa facer o goberno galego para preservar a zona da Braña Rubia incluída na proposta de ampliación da Rede Natura, con especies vexetais endémicas en perigo de extinción como a centáurea ultreia ou a euphorbia uliginosa, e tamén especies animais vulnerabeis como a rá de San Antón, o aguilucho cincento ou o zarapito real?

-- Que pensa facer o goberno galego para preservar os humidais do Marco do Couto e a Lagoa de Alcaíán e os mananciais e fontes existentes na zona?

-- Ten pensado o goberno galego algunha protección dos restos prehistóricos e históricos existentes na zona?

-- Ten pensado o goberno galego algún plan de compensación social e económica que revitalice a comarca afectada polo megaparque que nos ocupa?

-- Que ten pensado facer o goberno galego a respecto da declaración de utilidade pública, da urxente ocupación de terreos, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental relativo ós parques eólicos do Campelo, O Bustelo e Monte Toural e tamén da LAT O Campelo-Mesón do Bento, publicados nos DOG números 115, 122, 138 e 148 de 2018, respectivamente?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/07/2019 12:34:38

Xosé Luis Bará Torres na data 30/07/2019 12:34:53

María Montserrat Prado Cores na data 30/07/2019 12:35:07

Noa Presas Bergantiños na data 30/07/2019 12:35:18

Olalla Rodil Fernández na data 30/07/2019 12:35:27

Ana Pontón Mondelo na data 30/07/2019 12:35:40



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que a creación de emprego e a consolidación do crecemento económico seguen a ser os principais obxectivos desta lexislatura, logo dos difíciles anos de recesión.

Dentro desta preocupación xenérica, consideramos que as administracións deben estar especialmente vixiantes e apoiar a contratación en colectivos sensíbles como os parados de longa duración, a xente nova ou as mulleres, que maioritariamente teñen barreiras de entrada ao mercado laboral máis acusadas.

Por iso, debemos estar pendentes da evolución das taxas de desemprego, ocupación e afiliacións á Seguridade Social. Sen dúbida, debemos celebrar que Galicia encadee xa moitos trimestres de evolución favorable dos datos de emprego, pero tamén ser conscientes das particularidades do mercado laboral galego e as carencias que presente, para que as actuacións do goberno sexan o máis axeitadas posible ás necesidades dos cidadáns.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Consellería de Economía, Emprego e Industria dos datos que achega para Galicia a última Enquisa de Poboación Activa?

Santiago de Compostela 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:01:22

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/07/2019 12:01:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:53:01
Nº Rexistro: 53029
Data envío: 30/07/2019 12:53:01.146

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/07/2019 12:02:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/07/2019 12:02:33

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/07/2019 12:02:46

Marta Rodriguez Arias na data 30/07/2019 12:03:09

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/07/2019 12:03:26

María Soraya Salorio Porral na data 30/07/2019 12:03:39

Raquel Arias Rodríguez na data 30/07/2019 12:03:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos incidido durante as últimas lexislaturas en que unha das nosas principais preocupacións era a da mellora da situación económica. Nomeadamente, a evolución das cifras do emprego centrou moitos dos esforzos das administracións nos últimos anos, logo dunha crise que destruíu millóns de postos de traballo en toda España.

Logo de catro anos de crecemento económico e caída do desemprego de xeito practicamente ininterrumpido, os populares consideramos como un dos obxectivos prioritarios que tanto os novos empregos como os contratos asinados con anterioridade sexan da maior calidade posible.

Neste sentido, cremos fundamental a labor do Servizo Público de Emprego de Galicia como mediador necesario entre as empresas e os traballadores que buscan un posto de traballo.

Cun mercado cambiante e cos novos desafíos que supón a mudanza do noso modelo produtivo en numerosos aspectos, é fundamental que os galegos conten cuns servizos de emprego áxiles, adaptados ás súas necesidades e, por tanto efectivos.

Consideramos que é un deber de todas as administracións cooperar na redución do desemprego e, na medida do posible, na mellora e modernización de todos os servizos públicos para conseguir que os cidadáns teñan o mellor acceso ao mercado laboral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións se están a desenvolver na mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia?



Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:09:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/07/2019 12:09:59

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/07/2019 12:10:12

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/07/2019 12:10:22

Marta Rodríguez Arias na data 30/07/2019 12:10:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/07/2019 12:10:50

María Soraya Salorio Porral na data 30/07/2019 12:11:05

Raquel Arias Rodríguez na data 30/07/2019 12:11:15

Sandra Vázquez Dominguez na data 30/07/2019 12:11:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6ª; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fai uns meses, coñeciamos a existencia da chamada Business Factory Auto (BFA), a aceleradora de proxectos innovadores da automoción de Galicia, operativa ao 100% no Parque Empresarial de Porto do Molle (Nigrán).

Unha aceleradora de empresas debería contribuír a aspectos de mellora da competitividade do sector como instrumento de desenvolvemento da innovación e da creación de novo valor para as empresas. Entendemos que a BFA trata de poñer en marcha procedementos que transformen ideas en proxectos empresariais de éxito. Así sumaríase a outras iniciativas como a unidade mixta de innovación de PSA co CTAG (con proxectos como o Mobile Lab) ou a adaptación á fábrica 4.0, iniciativas que, xunto cos lanzamentos dos novos vehículos, sumarán unha elevada inversión ata o 2020.

Sabemos que os obxectivos dunha aceleradora de empresas son os de consolidar a actividade do sector no territorio e polo tanto reter e atraer talento.

Dada a importancia do sector da automoción en Galicia, un sector que supón o 32% da facturación industrial de toda a Comunidade Autónoma, gustaríanos coñecer en profundidade algúns asuntos referentes á BFA.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas se pretenden desenvolver na chamada Business Factory Auto (BFA) de proxectos innovadores da automoción de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/07/2019 12:13:41

Maria Antón Vilasánchez na data 30/07/2019 12:14:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:54:00
Nº Rexistro: 53032
Data envío: 30/07/2019 12:54:00.680

Moisés Blanco Paradelo na data 30/07/2019 12:14:16

Marta Novoa Iglesias na data 30/07/2019 12:14:35

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/07/2019 12:14:52

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:15:11

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/07/2019 12:15:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No programa co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega no ano 2016 recollíase o seguinte compromiso expreso: “Asesoraremos ás pequenas empresas para implantar nelas unha dinámica e cultura orientada á innovación. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) desenvolverá un programa orientado ás empresas pequenas que actualmente non acceden ás súas axudas, para estimular que incorporen a innovación ao seu modelo de negocio”.

En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servizos, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia. En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servizos, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

A través desta convocatoria do programa Innova Peme tense previsto impulsar a mobilización de máis de 5 millóns de euros en actividades cuxo obxectivo sexa desenvolver ou fortalecer as capacidades de innovación das empresas galegas cun menor tamaño. Súmase, deste xeito, ao case medio centenar de pequenas e medianas empresas apoiadas pola Xunta na anterior convocatoria, que permitiu mobilizar investimentos por un valor de 9,5 millóns de euros e a creación ou estabilización de máis de 260 postos de traballo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:55:05
Nº Rexistro: 53035
Data envío: 30/07/2019 12:55:05.535

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o programa Innova Peme?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 30/07/2019 12:28:46

Maria Antón Vilasánchez na data 30/07/2019 12:28:55

Moisés Blanco Paradelo na data 30/07/2019 12:29:11

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/07/2019 12:29:25

Marta Novoa Iglesias na data 30/07/2019 12:29:36

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/07/2019 12:29:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:30:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), vén de publicar no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de axudas á mobilidade eficiente e sostible correspondente ao programa Moves Galicia. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), vén de publicar no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de axudas á mobilidade eficiente e sostible correspondente ao programa Moves Galicia.

Con este programa búscase apoiar a adquisición de 500 vehículos eléctricos ou alternativos (gas natural ou gas licuado de petróleo) na Comunidade, así como a implantación tanto de infraestruturas de recarga, como de sistemas de préstamo de bicicletas eléctricas ou plans de transporte aos centros de traballo. Así pois, poden beneficiarse destas axudas persoas físicas, autónomos, comunidades de propietarios, persoas xurídicas e o sector público, dependendo do tipo de actuación.

Esta iniciativa, que conta cun orzamento de máis de 2,6 millóns de euros, prevé mobilizar 11 millóns de euros na comunidade, contribuíndo ademais á creación ou mantemento de arredor de 90 empregos e evitando a emisión á atmosfera máis de 1.100 toneladas de CO2 ao ano, o equivalente á acción de 58.200 árbores.

Desde o Grupo Parlamentario Popular compartimos a conveniencia do programa á hora de impulsar un modelo de mobilidade baseada en criterios de eficiencia enerxética e sustentabilidade, no que se fomenta o uso de enerxías alternativas. Neste sentido, precisamente, cómpre recordar que a partida de 45 millóns de euros distribuídos o pasado mes de marzo entre as comunidades e cidades autónomas foi consignada polo Goberno de Mariano Rajoy nos Orzamentos Xerais do Estado e 2018.

Sen embargo, entendemos tamén que a día de hoxe o programa resulta insuficiente debido á situación xerada polo proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética presentado polo actual Ministerio para a Transición Ecolóxica e a súa posición totalmente contraria aos vehículos de gasolina, diésel e incluso híbridos, establecendo incluso un limiar para a súa prohibición para 2040.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:55:44
Nº Rexistro: 53037
Data envío: 30/07/2019 12:55:44.547

De feito, esta decisión do actual Goberno ten provocado a alerta dos fabricantes e comercializadores de vehículos que alertan do severo impacto deste veto sobre o emprego e a economía. Sirva como exemplo que as vendas de coches en España acumulan xa sete meses de caída, o maior período desde a crise de 2008. Isto deixa un primeiro trimestre de 2019 cunha caída do 6,9% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª.- A Xunta de Galicia aplicou en tempo e forma a normativa estatal reguladora do denominado Plan MOVES na nosa Comunidade?
- 2ª.- Que valoración lle merece á Xunta de Galicia o Plan MOVES configurado polo Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 30/07/2019 12:33:55

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/07/2019 12:34:15

Maria Antón Vilasánchez na data 30/07/2019 12:34:28

Moisés Blanco Paradelo na data 30/07/2019 12:34:42

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/07/2019 12:34:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:35:09

Sandra Vázquez Dominguez na data 30/07/2019 12:35:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A primeiros deste ano, publicouse que a Xunta impulsaría a mobilización de 32,5 millóns de euros na innovación tecnolóxica e a mellora continua da industria forestal galega, a través de tres programas de axudas que contan cun orzamento público de máis de 11 millóns de euros, e dos que se beneficiarán arredor de 130 empresas de toda a cadea de valor e 1700 persoas, que participarán en actividades formativas e de divulgación. A primeiros deste ano, publicouse que a Xunta impulsaría a mobilización de 32,5 millóns de euros na innovación tecnolóxica e a mellora continua da industria forestal galega, a través de tres programas de axudas que contan cun orzamento público de máis de 11 millóns de euros, e dos que se beneficiarán arredor de 130 empresas de toda a cadea de valor e 1700 persoas, que participarán en actividades formativas e de divulgación.

Estamos ante unha industria tan tradicional na economía galega como estratéxica, como pon de manifesto o feito de que dependen dela máis de 70.000 empregos e case o 1,8% do noso PIB. Así pois, compre impulsar a modernización das 3.000 empresas que integran o sector para que poidan dar resposta aos retos de futuro, entre eles a dixitalización e o deseño, e aproveitar as oportunidades que ofrece a transición cara o modelo de bioeconomía circular. Estamos ante unha industria tan tradicional na economía galega como estratéxica, como pon de manifesto o feito de que dependen dela máis de 70.000 empregos e case o 1,8% do noso PIB. Así pois, compre impulsar a modernización das 3.000 empresas que integran o sector para que poidan dar resposta aos retos de futuro, entre eles a dixitalización e o deseño, e aproveitar as oportunidades que ofrece a transición cara o modelo de bioeconomía circular.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as axudas para a innovación e a mellora tecnolóxica das empresas galegas dedicadas á primeira e segunda transformación da madeira?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:56:44
Nº Rexistro: 53040
Data envío: 30/07/2019 12:56:44.529

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 30/07/2019 12:42:01

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/07/2019 12:42:14

Moisés Blanco Paradelo na data 30/07/2019 12:42:33

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/07/2019 12:42:45

Marta Novoa Iglesias na data 30/07/2019 12:42:56

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/07/2019 12:43:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:43:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**

O 22 de xaneiro de 2019 publícase a Orde de 19 de decembro de 2018 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020 e que se convocaban para o ano 2019.

-Establecíase o prazo dun mes para presenta-las solicitudes o que nos situaba no 23 de febreiro.

-No DOG do 15 de Xullo saen publicadas as axudas que foron concedidas.

-A partir de esta data os beneficiarios teñen que enviar, no prazo de 10 días, un documento coas actuacións que pensan levar a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Os labores non poderán iniciarse mentres os servizos da Consellería de Medio Rural non informe favorablemente. Non consta prazo algún para a emisión deste informe.

-Os beneficiarios teñen ata o 31 de Outubro para face-los traballos aprobados na axuda.

Deste xeito e maneira estamos situados en pleno outono cando o período máis perigoso de incendios xa pasou, polo menos en teoría.

Os labores de prevención deben ser feitos en tempo, antes da ameaza dos lumes e antes de se converteren en combustible fácil, nunca se poderán facer despois do paso do lume.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

--Cal é a razón para que a Consellaría de Medio Rural tarde 5 meses en sacar o listado das axudas concedidas ?

--Canto tempo van tardar os servizos da Consellería de Medio Rural en responder ó documento descritivo das actuacións a levar a cabo?

--Entende a Consellaría de Medio Rural que o prazo de execución dos traballos é tempo suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Entende a Consellería de Medio Rural que os meses de Agosto ,Setembro e Outubro é o tempo acaído para facer traballos de prevención na loita contra os lumes forestais?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/07/2019 12:55:36

Xosé Luis Bará Torres na data 30/07/2019 12:55:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 30/07/2019 12:55:59

Noa Presas Bergantiños na data 30/07/2019 12:56:07

Olalla Rodil Fernández na data 30/07/2019 12:56:18

Ana Pontón Mondelo na data 30/07/2019 12:56:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

A historia contemporánea de Monforte e comarca está ligada ao ferrocarril, sendo un motor esencial de desenvolvemento económico, pero, nos últimos tempos, asistimos á degradación dos servizos ferroviarios e do impulso económico asociado.

Como sinala a Plataforma “Neste Tren Cabemos [Tod@s](#)”, “o ferrocarril foi un instrumento esencial para fixar poboación nesta cidade e elevar a nosa calidade de vida e é, polo tanto, un factor importante no futuro estratéxico de todo o sur de Lugo”.

Desapareceron múltiples servizos ferroviarios, tanto de mobilidade de viaxeiras como de mercadorías, hai unha falta de mantemento da infraestrutura e un avellentamento do cadro de persoal, así como a súa diminución.

A intención semella clara: desmantelar o servizo ferroviario no sur lucense.

Fronte a isto, dende o Grupo Mixto asumimos as demandas da sociedade concienciada coa importancia do carácter social do transporte ferroviario e trasladamos ás institucións as reivindicacións máis urxentes para Monforte e comarca de Lemos.

En primeiro lugar, é esencial aumentar o persoal no taller de Renfe de Monforte, pois hai experiencia e carga de traballo, ata o punto de que hai material que teñen que enviar a outros talleres por non poder asumilo. O taller garante postos de



traballo dignos e estables nesta comarca, conta con experiencia e ten garantida a carga de traballo. Sen embargo, o taller pasou de ter 43 postos de traballo a 13, e precisa, ademais, un reforzo das instalacións, para evitar ter que reparar máquinas á intemperie.

Outra reivindicación inmediata debe ser o aumento de frecuencias de trens de proximidade, esixindo xa a posta en funcionamento dun tren que saia de Monforte ás 7:15 h para enlazar co Avant que sae para Santiago ás 7:55 h de Ourense, así como unha ligazón de volta co último Avant que sae de Santiago ás 20:30 h e chega a Ourense ás 21:08 h. Este novo servizo permitiría a mocidade e ás persoas en xeral estudar ou traballar en Santiago ou Coruña sen ter que vivir alí, e facilitaría a mobilidade a estas cidades, así como coa de Ourense, dende o punto de vista do turismo ou as xestións administrativas.

Tamén debe ser prioritaria a mellora da accesibilidade e instalacións da estación de FFCC de Monforte dende o punto de vista das persoas con mobilidade reducida e da seguridade. Como sinala a Plataforma en defensa do ferrocarril, “é inaceptable que, despois dunha reforma na estación de Monforte recrecendo as plataformas, non se dispuxese a instalación de ascensores entre plataformas que faciliten o acceso ás persoas usuarias, tanto por comodidade como por seguridade. Tamén vemos como a luminaria resulta ineficiente e mesmo se observan danos e desprendementos nas plataformas, estando remocicados hai relativamente pouco tempo”.

É intolerable que unha persoa en cadeira de rodas teña que cruzar as vías por unha rampla inadecuada e con pouca sinalización.

Tamén é esencial a axilidade na execución da supresión dos pasos a nivel na cidade de Monforte, que conta con ata seis pasos no centro urbano, con alta



intensidade de tráfico, onde se teñen producido accidentes con resultado de mortes.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a:

- 1.- Vai a Xunta esixir ao Goberno do Estado a execución áxil da supresión dos pasos a nivel urbanos de Monforte?
- 2.- Por que estivo pasiva a Xunta durante os Gobernos do PP na reivindicación de melloras ferroviarias para a cidade de Monforte?
- 3.- Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galicia para defender o taller de Renfe de Monforte?
- 4.- Vai a Xunta a mellora das instalacións da estación de FFCC de Monforte e do taller de Renfe?
- 5.- Vai a Xunta demandar un incremento de persoal de Renfe e Adif en relación cos servizos ferroviarios do sur de Lugo?
- 6.- Coñece a Xunta a reivindicación de máis frecuencias ferroviarias para o sur de Lugo?
- 7.- Que opina a Xunta das instalacións da estación de FFCC de Monforte en relación á accesibilidade e seguridade das persoas usuarias, especialmente das de mobilidade reducida?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez



Francisco Casal Vidal
Deputada e deputados do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/07/2019 13:22:22

Luis Villares Naveira na data 30/07/2019 13:22:38

David Rodríguez Estévez na data 30/07/2019 13:22:50

Francisco Casal Vidal na data 30/07/2019 13:23:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª:

A historia do Álvaro Cunqueiro é a crónica dunha estafa anunciada. Unha privatización que supón para as arcas públicas un canon anual que a Administración debe pagar á empresa concesionaria de máis de 70 millóns de euros ao ano.

Todo isto, enmarcado nun contexto de incumprimentos por parte da Concesionaria, que ademais non escatima en pleitear con Administración para reclamar máis cartos.

O negocio resulta redondo para a UTE, que cada ano vai incrementando os seus beneficios. No 2017, co Hospital funcionando a pleno rendemento, a Concesionaria Novo Hospital de Vigo rexistrou uns beneficios de máis de 3 millóns de euros, fronte aos máis de 70 que debe desembolsar a Administración, pola privatización do proxecto, o financiamento e a explotación. Un canon que terá que pagarse ata o 2035 e que supón o 97% dos ingresos para a concesionaria.

Ante esta situación, o fondo de inversión River Rock, con sede en Luxemburgo, adquiriu o 16,67%, Concessia, formada por varios bancos por un valor de 20 millóns de euros. Unha operación que pon no tráfico mercantil especulativo, unha infraestrutura de vital importancia para a área sanitaria de Vigo.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes preguntas orais para a súa resposta na comisión 5ª:

- Cal é a información que ten o Goberno respecto a ese fondo de inversión?
- Foi comunicada esta operación á Administración?





- Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia autorizou a operación?
- Considera o Goberno unha situación normal na sanidade pública que unha infraestrutura sanitaria esencial como o Álvaro Cunqueiro, poda ser obxecto de venta a un fondo de inversión?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/07/2019 13:34:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**.

A veciñanza do barrio da Ponte, en Chantada, así como a Asociación de Empresarios de Chantada e outros colectivos, denuncian a excesiva presión de tránsito de vehículos por unha zona estreita.

Deste xeito, propúxose que se realizase unha nova ponte para cruzar o río, e así poder peonalizar o barrio, pois, na actualidade, só se pode circular pola Estrada da Ponte, que continúa na LU-P-1801 e que, a pesar do seu pequeno tamaño, é de dobre sentido. Esta vía é a conexión das parroquias do Convento e Camporramiro con Chantada, alén de ser o acceso principal á vila de oito freguesías e de ter un acceso á N-540, converténdose nun dos principais puntos de conxestión do tráfico do Concello.

Ademais do tránsito e deambular a pé propio da veciñanza da zona, súmase o movemento propio de turistas, nomeadamente de peregrinas e peregrinos, ao pasar polo lugar o Camiño de Inverno. Trátase tamén dunha zona de relevancia para Chantada, como é a alameda, e para visitar a igrexa e o mosteiro de San Salvador de Asma, recentemente declarados Bens de Interese Cultural.

Para superar esta problemática, a maioría da veciñanza solicita a construción dunha nova ponte dende o Convento ata Chantada onde se atopa o transformador de Fenosa. Deste xeito, melloraríase o atractivo do conxunto do barrio, ademais de facilitar o goce para a cidadanía do seu patrimonio histórico e cultural. A súa



edificación eliminaría os atascos que se producen en determinadas horas; asemade, mellorárase a seguridade viaria en toda a zona.

A veciñanza afectada reuniuse coa Deputación de Lugo para trasladar a oposición a un proxecto de regulación do tránsito mediante semáforos, ao cal tamén fixera alegacións e sobre o que enviaran queixa á Valeduría do Pobo. Tras esta xuntanza, a Deputación freou o seu plan e deu a razón aos colectivos prexudicados, sinalando que se precisaría a colaboración do Concello e autorización da Confederación Hidrográfica.

Tanto a protección do Patrimonio como a promoción turística ou as obras públicas son competencias da Xunta de Galicia.

No PXOU de Chantada xa se contempla a construción dunha nova ponte sobre o Asma.

Polo exposto, a deputada e o deputado do Grupo Parlamentario Mixto, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a

1. Coñece a Xunta as necesidades de mellora do tránsito de vehículos no barrio da Ponte, en Chantada?
2. Coñece a Xunta a reivindicación dunha nova ponte sobre o Asma?
3. Vai a Xunta apoiar a reivindicación veciñal de distintas parroquias de Chantada sobre unha nova ponte no río Asma?
4. Coñece a Xunta a situación de inseguridade viaria na zona da Ponte en Chantada?



Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/07/2019 13:49:19

David Rodríguez Estévez na data 30/07/2019 13:49:32



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Luís Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A estrada AC-114, é unha estrada autonómica cunha lonxitude de pouco máis de 600 metros e que comunica a AC-116 co lugar de Baltar no concello de Narón (A Coruña).

O firme das vías de circulación é un dos elementos básicos da seguridade no tráfico, nesta estrada está moi deteriorado, a pesar dos arranxos puntuais, debido ao tráfico diario que soporta. Esta estrada converteuse na vía principal para a veciñanza do lugar de Baltar e tamén como ruta de acceso ao Pazo de Baltar.

Este edificio forma parte do patrimonio cultural e etnográfico do concello de Narón, polo que, é un dos espazos que máis visitas recibe ao longo do ano, tanto polo seu interese cultural como turístico o que fai que sexa unha estrada cunha densidade elevada de tráfico e, polo tanto, necesita ser revisada constantemente para evitar accidentes ou outros contratempos.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia a situación na que se atopa a capa de rodadura da estrada AC-114, no concello de Narón?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia arranxar o aglomerado e o pintado da estrada AC-114, no concello de Narón, en caso afirmativo, cal é o prazo previsto?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/07/2019 13:35:21





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2019 13:40:18
Nº Rexistro: 52952
Data envío: 24/07/2019 13:40:18.752

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/07/2019 13:35:38

María Luisa Pierres López na data 24/07/2019 13:35:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes preguntas para a súa **resposta escrita**.

Como cada verán, a Consellería de Educación aproveita o remate do curso para recortar aínda máis os nosos xa malogrados servizos educativos.

No curso 2015-2016 comezou a impartirse no instituto Antón Losada Diéguez da Estrada un ciclo de grao medio de FP en Emerxencias e Protección Civil, coa colaboración da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp). Deste ciclo, a actual conselleira de Educación, Carmen Pomar, chegou a dicir que “está a resultar de utilidade para o conxunto da sociedade galega”. Non obstante, no pasado mes de xullo pasou a engrosar a funesta listaxe de recortes caniculares aos que nos ten tristemente acostumados o Goberno de Núñez Feijóo.

A cancelación do ciclo sorprende porque se trataba dun proposta que viña concitando un éxito notable. A demanda superaba a oferta de maneira clara e rotunda. Só no último ano, presentáranse 76 aspirantes ás 30 prazas, 46 dos cales marcaran o FP de Emerxencias como primeira opción de estudos.

Coa supresión do título, a Xunta de Galicia traizoa sen motivo aparente tanto aos traballadores como ao conxunto dos alumnos e alumnas. Uns e outros terán que buscar agora, sen apenas tempo, unha alternativa para o vindeiro curso. Segundo o Goberno galego, “o alumnado que solicitou acceder ao ciclo para o próximo curso entrou no procedemento de admisión coas outras opcións marcadas”, pero non aclarou aínda que é o que acontece coas 24 persoas que non indicaron opcións alternativas.





A Asociación de Técnicos de Emerxencias e Protección Civil, creada polas primeiras promocións do ciclo de grao medio, denunciaron a eliminación do título, subliñando a pertinencia da súa formación que noutras comunidades do Estado se recoñece outorgándolle o rango de ciclo superior e non só de ciclo medio, como no caso de Galicia.

Así as cousas, cómpre que a Xunta reverta un recorte inxustificado que non só supón un prexuízo tremendo para o seu alumado e profesorado –vítimas da improvisación e neglixencia inesgotables do Goberno–, senón que dana ao conxunto da cidadanía galega ao privala dunha formación imprescindible para avanzar na mellora da súa seguridade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

- Cales son as razóns que xustifican o peche do primeiro ano de formación do ciclo de grao medio de FP en Emerxencias e Protección Civil o curso 2019-2020 malia contar cunha demanda que dobra a oferta? Vanse recuperar tódolos anos de formación do título de grao medio para o ano 2020-2021?
- Que vai facer a Xunta de Galicia cos alumnos e alumnas que aspiraban a unha praza no grao medio de Emerxencias e non marcaron ningunha alternativa? Que opcións educativas lles vai brindar para o vindeiro curso?

Santiago de Compostela, a 24 de xullo de 2019

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G. P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/07/2019 13:45:06

Luca Chao Pérez na data 24/07/2019 13:45:15



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), considerada como a peor praga que afecta aos castiñeiros. Desde que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando nos últimos anos a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

A Consellería empezou o combate desta nova praga en 2016 coa solta de *Torymus*, pero dun xeito experimental, e logo durante os anos 2017 e 2018, pero sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores e que de non combatela eficazmente ameaza con aniquilar soutos e provocar o colapso da produción de castaña.

No mes de abril de 2019 comezaba a solta de *Torymus* e fai uns días que coñecemos que a Xunta de Galicia remataba as soltas, cunha cantidade do dobre de individuos que no ano anterior, para combater a avespiña do castiñeiro.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que medios está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña?
- 2ª) Cal é a situación de incidencia da praga da avespiña nos castiñeiros e nos soutos galegos en 2019?

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/07/2019 10:54:29





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 11:09:59
Nº Rexistro: 52983
Data envío: 29/07/2019 11:09:59.568

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/07/2019 10:54:46

CSV: BOPGDSPGysx2bOSAv6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En xaneiro de 2019, o Grupo Municipal Por Chantada-CUP deunos conta da realización de obras no conxunto do mosteiro de San Salvador de Asma, sen constar que exista licenza municipal nin a pertinente autorización da Consellería de Cultura para ditas actuacións.

Tal como se observa en imaxes divulgadas pola Candidatura de Unidade Popular Por Chantada-CUP, téñense realizado actuacións no entorno da adegá, cabaleirizas e entradas do mosteiro, tendo movido terra e introducido pedra do exterior con maquinaria pesada.

O mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada, é un centro esencial da vida socioeconómica de Chantada dende mediados do século X. Trátase dunha xoia do noso Patrimonio, que conta con restos de distintas épocas. Consérvanse vestixios románicos e un templo tamén do século XII, con restos prerrománicos, así como partes do s. XV, XVII e XVIII. Asemade, conta cun retábulo renacentista. A igrexa é visitable, pero o conxunto do mosteiro non, estando en mans privadas.

Recentemente, foi declarado BIC, na categoría de monumento, de acordo co Decreto, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Dita consideración de BIC “acadará todas as súas partes integrantes e elementos pertencentes, polo que serán parte do ben declarado BIC as dependencias ou edificacións anexas que teñan relación cos



seus valores culturais, en especial as igrexas e capelas, as edificacións residenciais, as construcións auxiliares de carácter significativo ou funcional e os muros de peche dos predios inmediatos”.

Ademais de ser afectado por estas actuacións en curso, denunciadas con data de 21 de xaneiro de 2019 por Por Chantada-CUP, o ben tense visto degradado no pasado ante a pasividade de todas as Administracións públicas encargadas de velar polo mesmo.

Segundo establece o artigo 39 da Lei de Patrimonio, que regula o réxime de autorizacións das intervencións nos bens de interese cultural, “as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados... terán que ser autorizadas pola consellaría competente”, autorización que terá “carácter independente de calquera autorización licenza ou trámite previo”.

Asemade, a Consellería de Cultura poderá ordenar “a suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado para o cumprimento dos fins previstos nesta lei” (lei de Patrimonio).

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

“1. A resolución que imponha a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado



ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.”

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. É coñecedora a Xunta da realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019?
2. Contaban estas obras coa pertinente autorización da Consellería de Cultura?
3. Ordenou a Consellería de Cultura a suspensión desta intervención nun BIC?
4. Que actuacións impulsou ou vai impulsar a Xunta para restaurar a legalidade e para protexer da degradación o mosteiro de San Salvador de Asma?
5. Iniciou ou vai a Xunta iniciar de oficio algunha actuación das previstas na Lei 2/2016 de Patrimonio Cultural da Galiza, de cara a posibilitar a reparación do dano?
6. Como casa a promoción da Declaración de BIC da Ribeira Sacra coa permisividade da Xunta ante a destrución do mosteiro de San Salvador de Asma?
7. Ten prevista a Xunta algunha actuación para impulsar a adquisición e xestión pública do mosteiro de San Salvador de Asma?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/07/2019 11:09:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

A atención médica ao ICTUS na súa fase aguda ten mellorado de forma substancial na nosa contorna, con resultados funcionais francamente superiores aos de hai escasos anos. Estas melloras son atribuíbles ao aumento no coñecemento dos síntomas de alarma na poboación xeral e ao mecanismo de atención urxente coordinado pola central do 061, os recursos de urxencias extrahospitalarios (PACs e ambulancias medicalizadas) e os servizos de urxencias hospitalarios en coordinación cos servizos de neuroloxía.

Mais existen, malia todo, numerosas barreiras aínda para as persoas que, unha vez dadas de alta do proceso agudo no hospital, regresan á súa vida habitual con secuelas.

Segundo un estudio desenvolvido pola Federación Galega de Dano Cerebral , FEGADACE, no que se valoraba, entre outras cousas, a cobertura das necesidades do colectivo de persoas con dano cerebral adquirido, máis do 85% de persoas dadas de alta tras un ictus non recibiron información ningunha sobre a prestación de Traballo Social do seu concello.

O inicio da rehabilitación fora do hospital supón unha barreira para a recuperación global. O 78% das persoas manifestaron que a falta de información foi o principal obstáculo co que se atoparon para acceder aos medios necesarios no seu proceso de rehabilitación. O 31% sinalan tamén a dificultade dos trámites burocráticos e un 13% as barreiras económicas, constatando a ausencia de coordinación entre os servizos sanitarios e os do ámbito social na atención ao dano cerebral adquirido (DCA).



Malia que está probado que o inicio da rehabilitación debe ser inmediato desde que se produce o ictus, o período de demora referido no estudio foi o prazo dun mes, e apenas algo menos do 14% comezou a recibir rehabilitación en menos dunha semana. Máis do 12% de persoas que precisaban tratamentos de neurorrehabilitación non tiveron acceso á mesma. Careceron de acceso o 11,5% das persoas que precisaban atención psicolóxica, o 11% das que se lles indicara logopedia e o 13.5% de pacientes que requirían terapia ocupacional.

Durante a hospitalización, o 24% das persoas enquisadas beneficiouse do servizo de fisioterapia, mentres que só o 7,5% recibiu logopedia, o 9% neuropsicoloxía e tan só un 0,75% terapia ocupacional.

A máis do 45% de persoas non lle foi recomendado ningún tipo de rehabilitación trala alta hospitalaria. Da porcentaxe restante, case o 40% recibiu fisioterapia, o 18,55% recibiu logopedia, o 4% neuropsicoloxía, o 3,63 terapia ocupacional e algo máis do 5% outros servizos.

Por outra banda, o 56,88% de persoas dadas de alta por ictus opina que a formación recibida trala alta hospitalaria non foi útil nin suficiente. O 63% de persoas entrevistadas manifestou non dispoñer dos pertinentes informes de valoración funcional na saída do hospital.

Con estes datos que obtivemos do estudio de FEGADACE podemos concluir en primeiro lugar que a atención ao ICTUS segue adoecendo no sistema público de falta de atención integral e ao ámbito social das persoas. Tamén se infire a falta de información e desorientación das e dos enfermos respecto á súa doenza e á súa recuperación no servizo público de saúde. (Cabe sinalar a edición da guía ***Cousas que debes saber sobre o dano cerebral adquirido cando o teu familiar está no hospital*** pola propia Federación Galega de Dano Cerebral esta primavera.)

E, no que respecta á rehabilitación que proporciona o sistema público podemos dicir que é escasa, insuficiente e tardía. Céntrase no eido físico e relega os





ámbitos cognitivo, psicolóxico e emocional, claves na recuperación holística das persoas.

Ademais constátase a carencia de dotación e intervención de profesionais do traballo social, da psicoloxía, da fisioterapia, da logopedia e da terapia ocupacional, que serían necesarios para contribuir a unha rehabilitación interdisciplinar.

Sería desexable tamén unha maior continuidade asistencial sen fendas de seguimento entre a alta hospitalaria e o remate do tratamento ambulatorio, incluíndo á Atención Primaria como sostén dos pacientes e eixo vertebrador da atención global.

Por todo o exposto, as deputadas presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que medidas e recursos públicos se destinarán a mellorar a información aos pacientes con Dano Cerebral Adquirido e ás súas familias sobre a súa patoloxía e as perspectivas de recuperación?

-Existe algún plan que contemple a dotación dun maior número de profesionais do traballo social, da logopedia, da fisioterapia, da psicoloxía e da terapia ocupacional para mellorar a atención integral e recuperación global aos pacientes con esta e outras patoloxías que requieran atención multidisciplinar?

-Cales son os recursos e previsións do Servizo Galego de Saúde para conseguir que se reduza a demora na rehabilitación, tanto no ámbito hospitalario como extrahospitalario?

-Cal é o plan de atención no Servizo Galego de saúde que garanta a continuidade asistencial aos pacientes con dano cerebral adquirido, evitando fendas na atención trala alta hospitalaria?





-De que estratexia dispón a Consellería de Sanidade superar a barreira referida polos pacientes con DCA no que respecta aos informes de valoración funcional, aos trámites burocráticos e á falta de coordinación entre os servizos sanitarios e do ámbito social?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/07/2019 13:04:08

Paula Quinteiro Araújo na data 29/07/2019 13:04:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

Durante o mes de xullo de 2019 asinouse un acordo entre o SERGAS, as e os traballadores e as centrais sindicais que os representan que tentaba poñer fin ao conflito asistencial dos Puntos de Atención Continuada. Compre lembrar que este conflito viña durando máis dun ano e que ata o momento non se acadara o achegamento necesario, ata o punto de ser solicitada por parte do persoal a intervención da figura dun mediador.

Entre os puntos dese acordo non se atopa o necesario cómputo de xornada, aspecto que precariza a vida das e dos empregados dos PACs. Pero o que si se pode ler é o compromiso do Servizo Galego de Saúde de limitar a 30 persoas as atendidas por cada efectivo durante unha xornada habitual.

Nos últimos días asistimos a varias constatacións de que a realidade está moi alonxada desa meta. Por poñer breves exemplos concretos e ilustrativos:

-Non se dota do reforzo comprometido ao PAC de Santa Comba a última fin de semana de xullo na noite dun sábado festivo con previsible afluencia de público (o reforzo é necesario e habitual mesmo en sábados normais), e a media de afluencia por riba deses 30 pacientes.

-Desprazamento dun efectivo médico da Parda (Pontevedra) para cubrir unha ausencia en Baltar sen programación nin organización previa, descubrindo esta mesma praza no primeiro dispositivo.

-Desprazamento dunha médica da Casa do Mar de Coruña para cubrir unha ausencia en Ponteceso, deixando o primeiro cunha carencia.





-Burofaxes en Ribeira e Boiro obrigando a cubrir gardas.

Estes son tan só os exemplos recollidos en dous días de xullo na xeografía galega.

Parece obvio que durante anos a política de recursos humanos do SERGAS no que respectou aos PACs foi de non revisar os plans funcionais malia ser a atención crecente en moitos deles, desatender o coidado da Atención Primaria (que repercute tamén nos PACs ao non ser capaz a asumir mediante a atención ordinaria toda a demanda, xerando listas de agarda) e a descoidar as condicións das súas traballadoras e traballadores ata o punto de precarizalos e forzalos a buscar outras alternativas laborais, motivo que sustenta a carencia de persoal actual.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cales son as medidas que están a desenvolver para cumprir o punto do acordo cos PACs que establece que cada efectivo non atenderá a máis de trinta pacientes de xeito habitual?

-Cal é o plan de choque para diagnosticar as necesidades dos PACs, dotar de profesionais suficientes, conseguir efectivos profesionais, establecer unhas condicións atractivas para captar persoal e fomentar o seu coidado para que permanezan no sistema, tendo en conta o déficit actual?

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2019

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/07/2019 12:55:26

Paula Quinteiro Araújo na data 29/07/2019 12:55:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

Os pasados días de xullo marcaron un fito (ata o momento) da nefasta xestión que se está a facer dos recursos do ámbito da Atención Primaria de Saúde, tanto en Puntos de Atención Continuada como en atención ordinaria.

As e os profesionais comunicaban incidencias significativas en varios puntos do país que comprometían gravemente a atención normal á saúde das persoas e non eran derivados dunha conxuntura “casual”, senón sostida. Entre eles:

-No centro de saúde de O Grove, dos seis efectivos médicos habituais, so estivo un traballando o 26 de xullo. As ausencias por vacacións e/ou enfermidade dos doutores Gómez, Olmedo, Garrido, Castro e Figueira non foron substituídas, deixando ao Dr Escribano como único médico consultando esa xornada. Polo menos dúas desas ausencias non eran de curta duración, senón longas, esperables e previsibles.

-O pasado mércores 24, véspera de festivo, un dos médicos que se atopaba realizando a súa garda no PAC de A Parda, na cidade de Pontevedra, o doutor Díaz Sanisidro, foi desprazado ás 22.30 ao PAC de Baltar (Sanxenxo), deixando o primeiro dispositivo cun único efectivo médico. Á súa vez, fora movido outro médico e destinado a un terceiro centro. Simultaneamente, unha PSX de Marín foi desprazada a Baltar, para retornar posteriormente ao seu lugar de orixe. E unha médica de Cambados que contaba con realizar a súa xornada de 8 a 15 completou finalmente a xornada primeiro ata as 22 horas e logo ata as 8 horas do día seguinte.





-Na área da Coruña, o pasado martes tamén foi desprazada unha médica desde o PAC da Casa do Mar a Ponteceso, quedando o PAC da Coruña con dous médicos para atender a unha poboación de 250.000 persoas.

Estes son exemplos da situación caótica e de déficit manifesto de organización, previsión e xestión de recursos no ámbito da Atención Primaria galega. E consecuencia directa da sobrecarga sostida das e dos profesionais en ausencia de interese polo coidado da sanidade pública galega nos últimos anos.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que se fixo para organizar a asistencia con antelación ao 26 de xullo no Centro de Saúde de O Grove de cara a evitar a situación de caos asistencial e sobrecarga dun único profesional que, obviamente, non puido atender a demanda xerada polos pacientes dos outros cinco médicos e médicas?

-Que medidas solventes se están a tomar para evitar que, ante eventualidades, haxa que mobilizar profesionais médicos duns Puntos de Atención Continuada a outros sen orde nin programación, deixando ambos a medio cubrir e sobrecargando aos propios profesionais?

-Cales son as medidas futuras encamiñadas a evitar descubertos asistenciais que comprometan a saúde das persoas, a coidar dos e das profesionais, a optimizar o seu labor, a programar de modo eficiente o seu traballo e a xestionar a Atención Primaria galega sen a improvisación que a está a caracterizar?

-Que se fixo nos últimos anos de goberno do Partido Popular para diagnosticar, prever, programar e xestionar a situación descrita?

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2019

Asdo.: Flora Miranda Pena





Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/07/2019 12:49:32

Paula Quinteiro Araújo na data 29/07/2019 12:49:41



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 2 de xullo a conselleira do Mar acompañada pola patroa maior da confraría de Ferrol, Isabel Maroño; a directora do Intecmar, Covadonga Salgado, e o presidente do PP de Ferrol, José Manuel Rey Varela, cualificou como «fito histórico», a reapertura ao marisqueo da zona da Gándara.

A zona da Gándara, que desde 1999, tiña a cualificación de zona C para o marisqueo, pero tralo empeoramento dos resultados microbiolóxicos en 2013 estivo pechada ao marisqueo debido aos elevados índices de contaminación por bacteria E. Coli. Como consecuencia, resultaba obrigada a depuración da ameixa nunha batea o que alongaba os prazos para a súa comercialización. Con esta reapertura redúcese ese prazo.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que motivo non estaban presentes os representantes de todas as confrarías e dos concellos da ría de Ferrol?

2ª) Como e cando trasladou a Xunta de Galicia ás confrarías da ría de Ferrol que a zona da Gándara pasase a ser zona B?

Pazo do Parlamento, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/07/2019 10:17:56

María Dolores Toja Suárez na data 30/07/2019 10:18:31

Patricia Otero Rodríguez na data 30/07/2019 10:18:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

En xuño de 2018 a Consellaría de Economía, Emprego e Industria comezou a sacar a exposición pública os diversos trámites para a autorización da implantación de tres parques eólicos na zona do Campelo, O Bustelo e Monte Toural, que suporían, de levarse a cabo, a instalación de 27 novos aeroxeradores, dos cales 23 irían en solo do concello de Coristanco, 2 en Carballo e 2 en Santa Comba. Instalación que sempre leva toda unha rede de viarios, cableados, estacións colectoras e dunha LAT de case 37 km. que daría saída á enerxía producida desde O Campelo ata O Mesón do Bento.

Trátase en realidade dun só megaproxecto que por, digamos, "darlle axilidade" fraccionase en tres para poder así ser "tramitado" no goberno da Xunta de Galicia que como sabemos conta con esa marabillosa Lei de Iniciativas Empresariais, familiarmente nomeada de Depredación.

Non imos repetir aquí as tristes condicións discriminatorias da tarifa eléctrica dos galegos/as nin o excedente de produción eléctrica que o noso País posúe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O certo é que, amparadas polo PP, as grandes empresas eléctricas seguen a espoliar os nosos recursos obtendo cuantiosos beneficios a custa de acabar cos nosos montes, terras, lugares e medio ambiente, sen que haxa contraprestacións para as poboacións e territorios afectados. Porque a xeración de riqueza destas instalacións debера ir acompañada de proxectos locais de desenvolvemento e así facer partícipe á sociedade, posuidora do medio, do que é naturalmente seu e que en linguaxe coloquial é roubado con luva branca.

En ningunha parte dos expedientes se xustifica o porqué da declaración de interese público duns proxectos privados en detrimento dos intereses sociais e veciñais.

Porque os intereses sociais e veciñais si que se ven prexudicados.

Afeccións ambientais:

--A zona da Braña Rubia está incluída na proposta de ampliación da Rede Natura, con especies vexetais endémicas en perigo de extinción como a centaurea ultreia ou a euphorbia uliginosa, e tamén especies animais vulnerabeis como a rá de San Antón, o aguilucho cincento ou o zarapito real. Flora e fauna que conta cun alto grao de protección tanto a nivel galego como europeo.

--Na zona localízanse dous importantes humidais, incluídos no Catálogo de Humidais de Galicia, o Marco do Couto e a Lagoa de Alcaían así como a existencia de hábitats prioritarios que son parcialmente invadidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Destacar tamén a existencia de augas subterráneas e fontes cuxo curso pode ser alterado e que corren risco de contaminación, tal e como se reflicte no proxecto.

--A nivel arqueolóxico estamos ante unha das zonas máis importantes de todo o concello, na cal foron atopados restos históricos desde o Paleolítico e con elementos que contan cun alto grao de protección como diversas mámoas.

Afeccións sociais:

--A instalación dos aeroxeradores e o ruído por eles producido supón unha alteración importante nas poboacións próximas que se acaba traducindo nun progresivo abandono deses núcleos de poboación debido ás implicacións vitais e de saúde que trae consigo o parque eólico: ruídos, infrasóns, contaminación radioelétrica, cargas magnéticas, etc., efectos que, nalgúns casos, nin sequera están o suficientemente estudados e avaliados e que, neste caso, habería que estudar de maneira conxunta, xa que nalgúns puntos superpóñense os efectos dos tres parques.

--Instalación dunha liña de alta tensión a poucos metros das casas e o paso do cableado transportador da enerxía a apenas uns metros das casas do Campelo.

--Algúns aeroxeradores ubícaríanse a escasos 500m dalgunhas vivendas, como os núcleos de Vilela, O Campelo, As Salgueiras, Mira ou Sabaceda, mesmo quedando algúns deles completamente rodeados polos mesmos, o cal é incomprensible en boa lóxica, tendo en conta ademais, que está distancia está





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baseada nunha lei que non contemplaba as dimensións dos actuais aeroxeradores (unha altura de fuste de 112 metros, 180 metros coa aspa estendida, e un diámetro de rotor de 136 metros).

Afeccións socioeconómicas:

--A súa instalación traería importantes afeccións socioeconómicas como a perda do valor do monte, das fincas próximas ao parque e mesmo das vivendas da contorna, e un maior risco de incendios.

-- Polígonos eólicos moito máis grandes do espazo que ocupa o parque, quedando núcleos rurais dentro destes polígonos.

-- Destrución de postos de traballo vinculados á agricultura e ao sector forestal.

-- Merma considerable do interese turístico da zona da Braña Rubia, que actualmente é zona de esparcemento e sendeirismo, e de zonas turísticas xa consolidadas como a ferverza de Castriz.

-- Recualificación de terreos e fincas con afectación ó cobro da PAC

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-- Ten valorado o goberno galego os prexuízos que a instalación deste megaparque terían para a veciñanza afectada?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-- Que pensa facer o goberno galego para preservar a zona da Braña Rubia incluída na proposta de ampliación da Rede Natura, con especies vexetais endémicas en perigo de extinción como a centáurea ultreia ou a euphorbia uliginosa, e tamén especies animais vulnerabeis como a rá de San Antón, o aguilucho cincento ou o zarapito real?

-- Que pensa facer o goberno galego para preservar os humidais do Marco do Couto e a Lagoa de Alcaían e os mananciais e fontes existentes na zona?

-- Ten pensado o goberno galego algunha protección dos restos prehistóricos e históricos existentes na zona?

-- Ten pensado o goberno galego algún plan de compensación social e económica que revitalice a comarca afectada polo megaparque que nos ocupa?

-- Que ten pensado facer o goberno galego a respecto da declaración de utilidade pública, da urxente ocupación de terreos, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental relativo ós parques eólicos do Campelo, O Bustelo e Monte Toural e tamén da LAT O Campelo-Mesón do Bento, publicados nos DOG números 115, 122, 138 e 148 de 2018, respectivamente?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/07/2019 12:31:44

Xosé Luis Bará Torres na data 30/07/2019 12:32:04

María Montserrat Prado Cores na data 30/07/2019 12:32:20

Noa Presas Bergantiños na data 30/07/2019 12:32:49

Olalla Rodil Fernández na data 30/07/2019 12:33:03

Ana Pontón Mondelo na data 30/07/2019 12:33:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O 22 de xaneiro de 2019 publícase a Orde de 19 de decembro de 2018 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020 e que se convocaban para o ano 2019.

-Establecíase o prazo dun mes para presenta-las solicitudes o que nos situaba no 23 de febreiro.

-No DOG do 15 de Xullo saen publicadas as axudas que foron concedidas.

-A partir de esta data os beneficiarios teñen que enviar, no prazo de 10 días, un documento coas actuacións que pensan levar a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Os labores non poderán iniciarse mentres os servizos da Consellería de Medio Rural non informe favorablemente. Non consta prazo algún para a emisión deste informe.

-Os beneficiarios teñen ata o 31 de Outubro para face-los traballos aprobados na axuda.

Deste xeito e maneira estamos situados en pleno outono cando o período máis perigoso de incendios xa pasou, polo menos en teoría.

Os labores de prevención deben ser feitos en tempo, antes da ameaza dos lumes e antes de se converteren en combustible fácil, nunca se poderán facer despois do paso do lume.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Cal é a razón para que a Consellaría de Medio Rural tarde 5 meses en sacar o listado das axudas concedidas ?

--Canto tempo van tardar os servizos da Consellería de Medio Rural en responder ó documento descritivo das actuacións a levar a cabo?

--Entende a Consellaría de Medio Rural que o prazo de execución dos traballos é tempo suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Entende a Consellería de Medio Rural que os meses de Agosto ,Setembro e Outubro é o tempo acaído para facer traballos de prevención na loita contra os lumes forestais?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/07/2019 12:53:50

Xosé Luis Bará Torres na data 30/07/2019 12:54:06

María Montserrat Prado Cores na data 30/07/2019 12:54:14





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/07/2019 12:54:28

Olalla Rodil Fernández na data 30/07/2019 12:54:41

Ana Pontón Mondelo na data 30/07/2019 12:54:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

A historia do Álvaro Cunqueiro é a crónica dunha estafa anunciada. Unha privatización que supón para as arcas públicas un canon anual que a Administración debe pagar á empresa concesionaria de máis de 70 millóns de euros ao ano.

Todo isto, enmarcado nun contexto de incumprimentos por parte da Concesionaria, que ademais non escatima en pleitear con Administración para reclamar máis cartos.

O negocio resulta redondo para a UTE, que cada ano vai incrementando os seus beneficios. No 2017, co Hospital funcionando a pleno rendemento, a Concesionaria Novo Hospital de Vigo rexistrou uns beneficios de máis de 3 millóns de euros, fronte aos máis de 70 que debe desembolsar a Administración, pola privatización do proxecto, o financiamento e a explotación. Un canon que terá que pagarse ata o 2035 e que supón o 97% dos ingresos para a concesionaria.

Ante esta situación, o fondo de inversión River Rock, con sede en Luxemburgo, adquiriu o 16,67%, Concessia, formada por varios bancos por un valor de 20 millóns de euros. Unha operación que pon no tráfico mercantil especulativo, unha infraestrutura de vital importancia para a área sanitaria de Vigo.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é a información que ten o Goberno respecto a ese fondo de inversión?
- Foi comunicada esta operación á Administración?



- Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia autorizou a operación?
- Considera o Goberno unha situación normal na sanidade pública que unha infraestrutura sanitaria esencial como o Álvaro Cunqueiro, poda ser obxecto de venta a un fondo de inversión?

Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2019


Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/07/2019 13:39:48





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

